- Artigo 62 da RLXS, que establece que na resolución de concesión deberán quedar claramente identificados os compromisos asumidos polos beneficiarios.
- Artigo 185 do TRLRFL, que regula as competencias en materia de xestión de gasto.
- Artigo 17 e seguintes da OXSDPPO, que regulan o procedemento de concesión.
- Base 1ª das reguladoras do PEID que definen o obxecto e as finalidades subvencionables que poden acollerse a este plan.
- Base 16ª das reguladoras do PEID que permiten destinar a cantidade asignada deste plan ao financiamento das achegas municipais de investimentos incluídos noutros plans, programas ou convenios da Deputación ou doutras administracións públicas, cando se trate de obras ou subministracións de competencia municipal e sempre que os prazos de execución recollidos no convenio ou noutros plans se axusten aos contemplados nas bases do PEID.



- Bases 5ª e 6ª das reguladoras do PEID que consignan o crédito orzamentario, o procedemento de concesión, así como os criterios obxectivos de repartimento.
- Bases 8ª e 10ª das reguladoras do PEID que recollen o prazo, lugar e documentación necesaria das solicitudes de concesión de subvención.

RÉXIME COMPETENCIAL

- En virtude do reparto de competencias recollido nos artigos 35 da LRBRL e 63 do ROFRXEL, e de acordo coas bases específicas de execución do vixente orzamento da Deputación, a competencia para resolver correspóndelle á Xunta de Goberno.

CONCLUSIÓNS

A solicitude do *Concello de Nigrán* relativa ao financiamento do investimento denominado “*Construción dunha pista de pumptrack*” presentouse dentro do prazo recollido na convocatoria do PEID, adáptase ás consideracións xurídicas expostas e xunta a documentación precisa para a válida concesión dunha subvención por importe de 70.205,48 €.

O obxecto do investimento adecúase dentro da tipoloxía das finalidades subvencionables reguladas na Base reguladora 1ª denominada “Obxecto”.

Á vista dos antecedentes, fundamentos de dereito e conclusións, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- Conceder ao *Concello de Nigrán*, CIF P3603500D, a cantidade de 70.205,48 € con destino ao financiamento do investimento “*Construción dunha pista de pumptrack*” ao abeiro do Plan extraordinario de infraestruturas deportivas, cun orzamento de 75.401,17 € e unha achega municipal de 5.195,69 €.

A concesión da subvención queda condicionada á obtención das autorizacións sectoriais solicitadas a Augas de Galicia e á Axencia Galega de Infraestruturas, as cales, xunto coa acta de trazado previo (anexo I), deberán ser presentadas no momento da primeira xustificación.

A execución e xustificación do investimento realizarase conforme ao previsto nas bases reguladoras do PEID (BOPPO núm. 245, de 22/12/2023) e a demais lexislación vixente en materia de contratación e subvencións.

- Autorizar e comprometer o gasto na aplicación 2024/942.3420.762.95.2023 do vixente orzamento provincial no que existe crédito suficiente para facer fronte ao gasto, e sobre o cal se procederá á fase de orde de pagamento polo órgano competente.
- Dar traslado do presente acordo ao *Concello de Nigrán*, á Intervención, ao Servizo de Cooperación e ao Gabinete de Presidencia.



9.33912.- CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN AO CONCELLO DE PONTE CALDELAS AO ABEIRO DO PLAN + PROVINCIA 2024 LIÑA 1-INVESTIMENTOS, CO OBXECTO DO FINANCIAMENTO DO INVESTIMENTO “EXECUCIÓN DE OBRAS DE MELLORAS E REFORMA EN OITO CAMIÑOS E RÚAS MUNICIPAIS DE PONTE CALDELAS” (Expte. 2024022403)

O Pleno da Deputación, na súa sesión do 29/12/2023, mediante acordo núm. 4.8103, acordou aprobar as bases reguladoras do Plan de Obras e Servizos de competencia municipal (Plan Máis Provincia) 2024, en adiante Plan + Provincia 2024, que foron publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO) núm. 2 do 03/01/2024.

Mediante resolución presidencial núm. 2024000047 de data 08/01/2024 aprobouse a cantidade total e a que por liña lle corresponde a cada concello; mais a disposición de crédito se fará por cada solicitude de subvención, unha vez revisada a documentación achegada e instruído o procedemento que se recolle no capítulo I. Liña 1-Investmentos.

En data 03/04/2024, mediante rexistro WEB2024021861, formalmente e en prazo, consta entrada na sede electrónica da Deputación, ao abeiro do Plan + Provincia 2024, dunha petición do *Concello de Ponte Caldelas* na que solicita, con cargo a cantidade que lle correspondeu no reparto unha subvención, por importe de 241.625,02 €, co obxecto do financiamento do investimento “*Execución de obras de melloras e reforma en oito camiños e rúas municipais de Ponte Caldelas*”, cuxo orzamento ascende 241.625,02 €, quedando configurada a súa petición tal é como se reflicte na seguinte táboa:

Orzamento	Subvención Plan + Provincia 2024	Achegas doutras administracións públicas	Fondos propios do Concello
241.625,02 €	241.625,02 €	0,00 €	0,00 €

O orzamento contempla os honorarios de redacción de proxecto, dirección de obra e coordinación de seguridade e saúde por importe total de 16.913,74 €.

Consta no expediente documento relativo á titularidade dos bens sobre os que se pretende actuar; o Concello achega informe técnico sobre as afeccións sectoriais, indicando que é preciso contar coas autorizacións da Axencia Galega de Infraestruturas, da Deputación de Pontevedra e de Augas de Galicia.

Revisada a documentación, a solicitude remitida cumpre os requisitos esixidos nas bases reguladoras do Plan + Provincia 2024 e achega a documentación que se recolle na base 27^a.

Non obstante, na data de presentación da solicitude de subvención estaban pendentes de outorgamento as autorizacións sectoriais da Axencia Galega de Infraestruturas, da Deputación de Pontevedra e de Augas de Galicia.



As devanditas autorizacións e a resolución (ou o acordo) de aprobación de proxecto serán achegadas coa primeira xustificación do investimento subvencionado, conforme ao establecido na base 27ª do Plan.

FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA

1.- NORMATIVA EXAMINADA

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS) e o seu Regulamento aprobado por RD 887/2006, de 21 de xullo (RLXS).
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG).
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL).
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPACAP).
- Lei 9/2017, de 8 de novembro de contratos do sector público.
- Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais (TRLRF).
- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais (ROFRJEL).
- Bases de execución do vixente orzamento provincial.
- Bases reguladoras do Plan + Provincia 2024.
- Ordenanza xeral de subvencións da Deputación.

2.- CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

INSTRUCCIÓN DO EXPEDIENTE

- Base Reguladora 15ª do Plan + Provincia 2024 relativa á ordenación, instrución, procedemento e resolución, que indica que lle corresponde ao Servizo de Cooperación as actuacións necesarias para a determinación, o coñecemento e a comprobación dos expedientes. Así mesmo, establécese que unha vez realizado o estudo de cada solicitude e, en función da información dispoñible, elaborárase unha proposta de concesión da subvención para sometela á aprobación do órgano competente, previo informe do técnico ou técnico competente da Deputación segundo a natureza do investimento e da fiscalización da Intervención.

PETICIÓN E EVACUACIÓN DE INFORMES:

- Artigo 80 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, sobre a petición e a evacuación de informes.
- Artigo 88.6 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á resolución cando se incorporen ó texto da mesma.
- Artigos 213 e ss. do TRLRFL, sobre o control e a fiscalización da xestión económica que lle corresponde realizar á Intervención.
- Artigo 24 da LXS que establece que a función de instrución comprenden a petición de cantos informes se estimen necesarios para resolver ou que sexan exixidos polas normas que regulan a subvención.



RESOLUCIÓN DO EXPEDIENTE

- Artigo 21 da LPACAP que regula a obriga das Administracións públicas de resolver expresamente todos os procedementos, calquera que sexa a forma de iniciación, e a notificar a devandita resolución. O prazo máximo no que debe notificarse a resolución será fixado pola norma reguladora co correspondente procedemento.
- Artigo 22 LXS que dispón que a proposta de concesión formularase ao órgano concedente a través do órgano instructor.
- Artigo 25 LXS polo que o órgano competente resolverá o procedente e a resolución motivarase de conformidade co que dispoñan as bases reguladoras da subvención.
- Artigo 62 RLXS que establece que na resolución de concesión deberán quedar claramente identificados os compromisos asumidos polos beneficiarios.
- Artigo 17 e seguintes da Ordenanza Xeral que regulan o procedemento de concesión.
- Bases 1ª e 19ª das reguladoras do Plan + Provincia 2024 que definen o obxecto, tipoloxía e as finalidades subvencionables que poden acollerse a este plan.
- Bases 5ª e 6ª das reguladoras do Plan + Provincia 2024 que consignan o crédito orzamentario, a porcentaxes mínimas sobre as cantidades asignadas no exercicio 2024, así como os criterios obxectivos de repartición..
- Bases 10ª e 27ª das reguladoras do Plan + Provincia 2024 que recollen o prazo, lugar e documentación necesaria das solicitudes de concesión de subvención.

A teor de todo o sinalado, no exercicio das competencias que atribúe o artigo 35 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, o artigo 63 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais e as bases específicas de execución do orzamento para o vixente exercicio, e vistos os informes do facultativo técnico do servizo de Cooperación, de data 06/06/2024, e da xefa do servizo de Cooperación de data 06/06/2024 que conclúen favorablemente a tramitación da subvención, e do informe da Intervención provincial, de data 07/06/2024, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- Conceder ao *Concello de Ponte Caldelas* (CIF:P3604300H), ao abeiro do Plan + Provincia 2024 liña 1_Investmentos, unha subvención por importe de 241.625,02 € co obxecto do financiamento do investimento “*Execución de obras de melloras e reforma en oito camiños e rúas municipais de Ponte Caldelas*” (Expte.2024022403)”, cuxo orzamento ascende 241.625,02 €, quedando a concesión configurada tal e como se reflicte na seguinte táboa:

Orzamento	Subvención Plan + Provincia 2024	Achegas doutras administracións públicas	Fondos proprios do Concello
241.625,02€	241.625,02€	0,00€	0,00€



O orzamento contempla os honorarios de redacción de proxecto, dirección de obra e coordinación de seguridade e saúde por importe total de 16.913,74 €.

- Autorizar e comprometer o gasto na aplicación 2024/942.9425.762.45 do vixente orzamento provincial na que existe crédito suficiente para facer fronte ao mesmo.
- Non obstante, a presente concesión de subvención queda condicionada á que o Concello achegue as autorizacións sectoriais da Axencia Galega de Infraestruturas, da Deputación de Pontevedra e de Augas de Galicia, xunto coa resolución (ou acordo) de aprobación do proxecto. Esta documentación será presentada coa primeira xustificación do investimento subvencionado.
- A licitación, execución e xustificación do investimento realizarase conforme ao previsto nas bases reguladoras do Plan + Provincia 2024, aprobadas polo Pleno mediante acordo núm. 4.8103 de 29/12/2023 e publicadas no BOPPO núm. 2 de 03/01/2024 (dispoñibles tamén <http://sede.depo.gal>) e a demais lexislación vixente en materia de contratación e subvencións.
- Así mesmo, conforme a base 34ª reguladora do Plan + Provincia 2024, o investimento subvencionado deberá estar executado o 31/12/2025 e xustificado na súa totalidade o 31/03/2026. O incumprimento desta obriga dará lugar a revogación da subvención.
- Darlle traslado do presente acordo ao *Concello de Ponte Caldelas*, á Intervención Provincial, ao Servizo de Cooperación e ao Gabinete da Presidencia.

10.33913.- CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN AO CONCELLO DE REDONDELA AO ABEIRO DO PLAN + PROVINCIA 2024 LIÑA 1-INVESTIMENTOS, CO OBXECTO DO FINANCIAMENTO DO INVESTIMENTO “RETRANQUEO DE CT 250 KVA NO ÁMBITO DO PROXECTO DA ESTRADA E REDES DE ABASTECIMENTO E PLUVIAIS DOS CAMIÑOS BAIXADA Á ESTACIÓN E DO CAIRO” (Expte.2024018689)

O Pleno da Deputación, na súa sesión do 29/12/2023, mediante acordo núm. 4.8103, acordou aprobar as bases reguladoras do Plan de Obras e Servizos de competencia municipal (Plan Máis Provincia) 2024, en adiante Plan + Provincia 2024, que foron publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO) núm. 2 do 03/01/2024.

Mediante resolución presidencial núm. 2024000047 de data 08/01/2024 aprobouse a cantidade total e a que por liña lle corresponde a cada concello; mais a disposición de crédito se fará por cada solicitude de subvención, unha vez revisada a documentación achegada e instruído o procedemento que se recolle no capítulo I. Liña 1-Investmentos.



En data 18/03/2024, mediante rexistro WEB2024017968, formalmente e en prazo, consta entrada na sede electrónica da Deputación, ao abeiro do Plan + Provincia 2024, dunha petición do *Concello de Redondela* na que solicita, con cargo a cantidade que lle correspondeu no reparto unha subvención, por importe de 102.788,48 €, co obxecto do financiamento do investimento “*Retranqueo de ct 250 kva no ámbito do proxecto da estrada e redes de abastecemento e pluviais dos camiños baixada á estación e do Cairo*”, cuxo orzamento ascende 102.788,48 €, quedando configurada a súa petición tal é como se reflicte na seguinte táboa:

Orzamento	Subvención Plan + Provincia 2024	Achegas doutras administracións públicas	Fondos propios do Concello
102.788,48 €	102.788,48 €	0,00 €	0,00 €

Consta no expediente documento relativo á titularidade dos bens sobre os que se pretende actuar; o Concello achega informe técnico sobre as afeccións sectoriais.

Revisada a documentación, a solicitude remitida cumpre os requisitos esixidos nas bases reguladoras do Plan + Provincia 2024 e achega a documentación que se recolle na base 27ª.

Non obstante, na data de presentación da solicitude de subvención estaba pendente de outorgamento autorización sectorial do Ministerio de Transportes, Mobilidade e Axenda Urbana, autorización solicitada novamente por atoparse caduca a emitida en data 20/09/2022.

A devandita autorización, a resolución (ou o acordo) de aprobación de proxecto e a acta de trazado previo (Anexo III) debidamente dilixenciada serán achegadas coa primeira xustificación do investimento subvencionado, conforme ao establecido na base 27ª do Plan.

FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA

1.- NORMATIVA EXAMINADA

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS) e o seu Regulamento aprobado por RD 887/2006, de 21 de xullo (RLXS).
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG).
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL).
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPACAP).
- Lei 9/2017, de 8 de novembro de contratos do sector público.
- Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais (TRLRF).
- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais (ROFRJEL).
- Bases de execución do vixente orzamento provincial.



- Bases reguladoras do Plan + Provincia 2024.
- Ordenanza xeral de subvencións da Deputación

2.- CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS INSTRUCCIÓN DO EXPEDIENTE

- Base Reguladora 15ª do Plan + Provincia 2024 relativa á ordenación, instrución, procedemento e resolución, que indica que lle corresponde ao Servizo de Cooperación as actuacións necesarias para a determinación, o coñecemento e a comprobación dos expedientes. Así mesmo, establécese que unha vez realizado o estudo de cada solicitude e, en función da información dispoñible, elaborárase unha proposta de concesión da subvención para sometela á aprobación do órgano competente, previo informe do técnico ou técnico competente da Deputación segundo a natureza do investimento e da fiscalización da Intervención.

PETICIÓN E EVACUACIÓN DE INFORMES:

- Artigo 80 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, sobre a petición e a evacuación de informes.
- Artigo 88.6 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á resolución cando se incorporen ó texto da mesma.
- Artigos 213 e ss. do TRLRFL, sobre o control e a fiscalización da xestión económica que lle corresponde realizar á Intervención.
- Artigo 24 da LXS que establece que a función de instrución comprenden a petición de cantos informes se estimen necesarios para resolver ou que sexan exixidos polas normas que regulan a subvención.

RESOLUCIÓN DO EXPEDIENTE

- Artigo 21 da LPACAP que regula a obriga das Administracións públicas de resolver expresamente todos os procedementos, calquera que sexa a forma de iniciación, e a notificar a devandita resolución. O prazo máximo no que debe notificarse a resolución será fixado pola norma reguladora co correspondente procedemento.
- Artigo 22 LXS que dispón que a proposta de concesión formularase ao órgano concedente a través do órgano instrutor.
- Artigo 25 LXS polo que o órgano competente resolverá o procedente e a resolución motivárase de conformidade co que dispoñan as bases reguladoras da subvención.
- Artigo 62 RLXS que establece que na resolución de concesión deberán quedar claramente identificados os compromisos asumidos polos beneficiarios.
- Artigo 17 e seguintes da Ordenanza Xeral que regulan o procedemento de concesión.
- Bases 1ª e 19ª das reguladoras do Plan + Provincia 2024 que definen o obxecto, tipoloxía e as finalidades subvencionables que poden acollerse a este plan.



- Bases 5ª e 6ª das reguladoras do Plan + Provincia 2024 que consignan o crédito orzamentario, a porcentaxes mínimas sobre as cantidades asignadas no exercicio 2024, así como os criterios obxectivos de repartición..
- Bases 10ª e 27ª das reguladoras do Plan + Provincia 2024 que recollen o prazo, lugar e documentación necesaria das solicitudes de concesión de subvención.

A teor de todo o sinalado, no exercicio das competencias que atribúe o artigo 35 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, o artigo 63 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais e as bases específicas de execución do orzamento para o vixente exercicio, e vistos os informes do facultativo técnico do servizo de Cooperación, de data 03/06/2024, e da xefa do servizo de Cooperación de data 05/06/2024 que conclúen favorablemente a tramitación da subvención, e do informe da Intervención provincial, de data 06/06/2024, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- Conceder ao *Concello de Redondela* (CIF:P3604500C), ao abeiro do Plan + Provincia 2024 liña 1_Investmentos, unha subvención por importe de 102.788,48 € co obxecto do financiamento do investimento “Retranqueo de ct 250 kva no ámbito do proxecto da estrada e redes de abastecemento e pluviais dos camiños baixada á estación e do Cairo” (Expte.2024018689), cuxo orzamento ascende 102.788,48 €, quedando a concesión configurada tal e como se reflicte na seguinte táboa:

Orzamento	Subvención Plan + Provincia 2024	Achegas doutras administracións públicas	Fondos proprios do Concello
102.788,48€	102.788,48€	0,00€	0,00€

- Autorizar e comprometer o gasto na aplicación 2024/942.9425.762.45 do vixente orzamento provincial na que existe crédito suficiente para facer fronte ao mesmo.
- Non obstante, a presente concesión de subvención queda condicionada á que o Concello achegue a autorización sectorial do Ministerio de Transportes, Mobilidade e Axenda Urbana, xunto coa resolución (ou acordo) de aprobación do proxecto e acta de trazado previo (anexo III). Esta documentación será presentada coa primeira xustificación do investimento subvencionado.
- A licitación, execución e xustificación do investimento realizarase conforme ao previsto nas bases reguladoras do Plan + Provincia 2024, aprobadas polo Pleno mediante acordo núm. 4.8103 de 29/12/2023 e publicadas no BOPPO núm. 2 de 03/01/2024 (dispoñibles tamén <http://sede.depo.gal>) e a demais lexislación vixente en materia de contratación e subvencións.
- Así mesmo, conforme a base 34ª reguladora do Plan + Provincia 2024, o investimento subvencionado deberá estar executado o 31/12/2025 e xustificado na súa totalidade o 31/03/2026. O incumprimento desta obriga dará lugar a revogación da subvención.



- Darlle traslado do presente acordo ao *Concello de Redondela*, á Intervención Provincial, ao Servizo de Cooperación e ao Gabinete da Presidencia.

11.33914.- CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN AO CONCELLO DE TOMIÑO PARA O INVESTIMENTO DENOMINADO “REFORMA DE CUBERTA E FACHADA DO PAVILLÓN DE DEPORTES DA CARBALLA” INCLUÍDO NO PLAN EXTRAORDINARIO DE INFRAESTRUTURAS DEPORTIVAS (Expte.2024019779)

A Xunta de Goberno da Deputación Provincial de Pontevedra, na sesión ordinaria do 15/12/2023, mediante o acordo núm. 2.33272 aprobou as bases reguladoras e a convocatoria do Plan extraordinario de infraestruturas deportivas (PEID), publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO) núm. 245, do 22/12/2023.

O financiamento deste plan ascende a catro millóns (4.000.000,00) de €, financiados con fondos propios da deputación con cargo ao orzamento provincial, imputable á aplicación orzamentaria 2024/942.3420.762.95.2023.

As subvencións outorgáranse polo procedemento de concorrencia non competitiva entre todos os concellos da provincia de Pontevedra de ata cincuenta mil (50.000) habitantes, segundo a correspondente certificación expedida polo Instituto Galego de Estatística (IGE) referida á última actualización do censo (ano 2022).

Mediante a Resolución Presidencial núm. 2023009897 de data 22/12/2023 aprobouse o repartimento do crédito que lle corresponde a cada concello e que se corresponde co importe máximo de subvención ao que pode optar cada entidade local. No caso do *Concello de Tomiño* o importe que lle corresponde é de 88.286,00€.

En data 22/03/2024, dentro do prazo fixado na convocatoria, consta a entrada no Rexistro da Deputación (núm. rexistro WEB2024019090) ao abeiro do PEID, dunha petición do Concello de Tomiño, emendada nas datas 24/05/2024, 29/05/2024, 30/05/2024, 31/05/2024 e 03/06/2024 (núms. rexistro WEB2024033544, WEB2024035022, WEB2024035317, WEB2024035551 e WEB2024036289), na que solicita, con cargo á cantidade que lle corresponde no reparto, unha subvención por importe de 88.286,00€ con destino ao financiamento do investimento denominado “Reforma de cuberta e fachada do pavillón de deportes da Carballa”, cun orzamento de 184.577,37€ (176.799,37€ de execución de obra, 2.178,00€ de honorarios de redacción de proxecto, 4.000,00€ de honorarios de dirección de obra e 1.600,00€ de honorarios de coordinación de seguridade e saúde).

O importe que resta ata completar o orzamento financiarase cunha axuda solicitada ao Plan + Provincia 2024 por importe de 96.291,37€ (Expte. 2024022295).

Revisada a documentación, a solicitude remitida cumpre os requisitos esixidos nas Bases reguladoras do PEID.



As actuacións contan co informe de supervisión favorable do técnico facultativo do Servizo de Cooperación de data 04/06/2024 (CSV: VB53N6FHBYGPBC94).

Así mesmo, o 04/06/2024 a xefa do Servizo de Cooperación informa favorablemente a concesión da subvención (CSV: EBDL9AJAWPASQZ2R) e o 06/06/2024 a Intervención provincial informa favorablemente a dita concesión (CSV: 3FFNAR48DOSI5IJL).

FUNDAMENTOS DE DEREITO

RÉXIME XURÍDICO

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS) e o seu Regulamento aprobado por RD 887/2006, de 21 de xullo (RLXS).
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG).
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LRBRL).
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPACAP).
- Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público (LCSP).
- Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais (TRLRFL).
- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais (ROFRXEL).
- Ordenanza xeral de subvencións da Deputación Provincial de Pontevedra (OXSDPPO).
- Bases de execución do vixente orzamento provincial.
- Bases reguladoras do Plan Extraordinario de Infraestruturas Deportivas (PEID).

CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

INSTRUCCIÓN DO EXPEDIENTE

- Base Reguladora 7ª do PEID, que indica que lle corresponde á xefa do Servizo de Cooperación a instrución do procedemento de concesión. Así mesmo, establécese que unha vez realizado o estudo de cada solicitude recibida, e en función da información dispoñible, elaborárase unha proposta de concesión da subvención para someter á aprobación do órgano competente, previo informe dos servizos técnicos provinciais, no caso de ser necesario, e da fiscalización de Intervención.

PETICIÓN E EVACUACIÓN DE INFORMES

- Artigo 80 da LPACAP, sobre a petición e a evacuación de informes.
- Artigo 88.6 da LPACAP, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á resolución cando se incorporen ao texto da mesma.



- Artigos 213 e ss. do TRLRFL, sobre o control e a fiscalización da xestión económica que lle corresponde realizar á Intervención.
- Artigo 24 da LXS que establece que a función de instrución comprenden a petición de cantos informes se estimen necesarios para resolver ou que sexan exixidos polas normas que regulan a subvención.
- Base Reguladora 7ª do PEID, que indica que as propostas de resolución definitivas se elevarán ao órgano competente para a súa aprobación.

RESOLUCIÓN DO EXPEDIENTE

- Artigo 21 da LPACAP que regula a obriga das Administracións públicas de resolver expresamente todos os procedementos, calquera que sexa a forma de iniciación, e a notificar a devandita resolución. O prazo máximo no que debe notificarse a resolución será fixado pola norma reguladora co correspondente procedemento.
- Artigo 22 da LXS, que dispón que a proposta de concesión formularase ao órgano concedente a través do órgano instrutor.
- Artigo 25 da LXS, polo que o órgano competente resolverá o procedente e a resolución motivarase de conformidade co que dispoñan as bases reguladoras da subvención.
- Artigo 62 da RLXS, que establece que na resolución de concesión deberán quedar claramente identificados os compromisos asumidos polos beneficiarios.
- Artigo 185 do TRLRFL, que regula as competencias en materia de xestión de gasto.
- Artigo 17 e seguintes da OXSDPPO, que regulan o procedemento de concesión.
- Base 1ª das reguladoras do PEID que definen o obxecto e as finalidades subvencionables que poden acollerse a este plan.
- Base 16ª das reguladoras do PEID que permiten destinar a cantidade asignada deste plan ao financiamento das achegas municipais de investimentos incluídos noutros plans, programas ou convenios da Deputación ou doutras administracións públicas, cando se trate de obras ou subministracións de competencia municipal e sempre que os prazos de execución recollidos no convenio ou noutros plans se axusten aos contemplados nas bases do PEID.
- Bases 5ª e 6ª das reguladoras do PEID que consignan o crédito orzamentario, o procedemento de concesión, así como os criterios obxectivos de repartimento.
- Bases 8ª e 10ª das reguladoras do PEID que recollen o prazo, lugar e documentación necesaria das solicitudes de concesión de subvención.

RÉXIME COMPETENCIAL

- En virtude do reparto de competencias recollido nos artigos 35 da LRBRL e 63 do ROFRXEL, e de acordo coas bases específicas de execución do vixente orzamento da Deputación, a competencia para resolver correspóndelle á Xunta de Goberno.



CONCLUSIÓNS

A solicitude do Concello de Tomiño relativa ao financiamento do investimento denominado “Reforma de cuberta e fachada do pavillón de deportes da Carballa” presentouse dentro do prazo recollido na convocatoria do PEID, adáptase ás consideracións xurídicas expostas e xunta a documentación precisa para a válida concesión dunha subvención por importe de 88.286,00€.

O obxecto do investimento adecúase dentro da tipoloxía das finalidades subvencionables reguladas na Base reguladora 1ª denominada “Obxecto”.

Á vista dos antecedentes, fundamentos de dereito e conclusións, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- Conceder ao *Concello de Tomiño*, CIF P3605400E, a cantidade de 88.286,00€ con destino ao financiamento do investimento “Reforma de cuberta e fachada do pavillón de deportes da Carballa” ao abeiro do Plan extraordinario de infraestruturas deportivas, cun orzamento de 184.577,37€ (176.799,37€ de execución de obra, 2.178,00€ de honorarios de redacción de proxecto, 4.000,00€ de honorarios de dirección de obra e 1.600,00€ de honorarios de coordinación de seguridade e saúde). O importe que resta ata completar o orzamento financiarase cunha axuda solicitada ao Plan + Provincia 2024 por importe de 96.291,37€ (expte. 2024022295).

A execución e xustificación do investimento realizarase conforme ao previsto nas bases reguladoras do PEID (BOPPO núm. 245, de 22/12/2023) e a demais lexislación vixente en materia de contratación e subvencións.

- Autorizar e comprometer o gasto na aplicación 2024/942.3420.762.95.2023 do vixente orzamento provincial no que existe crédito suficiente para facer fronte ao gasto, e sobre o cal se procederá á fase de orde de pagamento polo órgano competente.
- Dar traslado do presente acordo ao *Concello de Tomiño*, á Intervención, ao Servizo de Cooperación e ao Gabinete de Presidencia.

12.33915.- CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN AO CONCELLO DE TOMIÑO AO ABEIRO DO PLAN + PROVINCIA 2024 LIÑA 1-INVESTIMENTOS, CO OBXECTO DO FINANCIAMENTO DA ACHEGA AO PLAN EXTRAORDINARIO DE INFRAESTRUTURAS DEPORTIVAS DO INVESTIMENTO “REFORMA CUBERTA E FACHADA DO PAVILLÓN DE DEPORTES de A Carballa” (Expte.2024022295)

O Pleno da Deputación, na súa sesión do 29/12/2023, mediante acordo núm. 4.8103, acordou aprobar as bases reguladoras do Plan de Obras e Servizos de competencia municipal (Plan Máis Provincia) 2024, en adiante Plan + Provincia 2024, que foron publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO) núm. 2 do 03/01/2024.



Mediante resolución presidencial núm. 2024000047 de data 08/01/2024 aprobouse a cantidade total e a que por liña lle corresponde a cada concello; mais a disposición de crédito se fará por cada solicitude de subvención, unha vez revisada a documentación achegada e instruído o procedemento que se recolle no capítulo I. Liña 1-Investmentos.

En data 02/04/2024, mediante rexistro WEB2024021291, formalmente e en prazo, consta entrada na sede electrónica da Deputación, ao abeiro do Plan + Provincia 2024, dunha solicitude do *Concello de Tomiño* (modificada en contestación ao requirimento do Servizo de Cooperación, en data 27/05/2024 WEB2024034056) na que, acolléndose ao disposto nas bases 1ª e 23ª das reguladoras, solicita, con cargo a cantidade que lle correspondeu no reparto unha subvención, por importe de 96.291,37 €, co obxecto do financiamento da achega municipal ao Plan Extraordinario de Infraestruturas Deportivas (PEID) do investimento “*Reforma cuberta e fachada do pavillón de deportes de A Carballa*”, cuxo orzamento ascende 184.577,37€. O importe que resta ata completar o orzamento finánciase coa axuda solicitada, por importe de 88.286,00€, ao Plan extraordinario de Infraestruturas Deportivas da Deputación Provincial (PEID), quedando configurada a súa petición tal é como se reflicte na seguinte táboa:

Orzamento	Subvención que solicita PLAN + PROVINCIA	Achegas doutras administracións (PEID)	Fondos propios do Concello
184.577,37€	96.291,37€	88.286,00€	0,00€

O orzamento contempla honorarios de redacción proxecto, dirección de obra e coordinación de seguridade e saúde por importe total de 7.778,00 €.

Consta no expediente o certificado da secretaría xeral do Concello relativo á titularidade dos bens sobre os que se pretende actuar, así como o informe técnico sobre as afeccións sectoriais indicando que foi efectuada ante a Axencia Galega de Infraestruturas unha declaración responsable para a realización da obra, non presentando outro tipo de afeccións sectoriais.

A petición cumpre os requisitos que establecen as Bases reguladoras do Plan + Provincia 2024, contando con informe favorable dos facultativos técnicos da Deputación.

A execución deste investimento así como a súa xustificación suxeitarase as normas do plan que se co-financia conforme ao establecido na base 23ª do Plan, sendo aquel o Plan Extraordinario de Infraestruturas Deportivas.

FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA

I.- NORMATIVA EXAMINADA

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS) e o seu Regulamento aprobado por RD 887/2006, de 21 de xullo (RLXS)



- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG).
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL).
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPACAP).
- Lei 9/2017, de 8 de novembro de contratos do sector público.
- Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais (TRLRF).
- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais (ROFRJEL).
- Bases de execución do vixente orzamento provincial.
- Bases reguladoras do Plan + Provincia 2024.
- Ordenanza xeral de subvencións da Deputación.

II.- CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS INSTRUCCIÓN DO EXPEDIENTE

- Base Reguladora 15ª do Plan Máis + 2024 relativa á ordenación, instrución, procedemento e resolución, que indica que lle corresponde ao Servizo de Cooperación as actuacións necesarias para a determinación, o coñecemento e a comprobación dos expedientes. Así mesmo, establécese que unha vez realizado o estudo de cada solicitude e, en función da información dispoñible, elaborárase unha proposta de concesión da subvención para sometela á aprobación do órgano competente, previo informe do técnico ou técnico competente da Deputación segundo a natureza do investimento e da fiscalización da Intervención.

PETICIÓN E EVACUACIÓN DE INFORMES:

- Artigo 80 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, sobre a petición e a evacuación de informes.
- Artigo 88.6 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á resolución cando se incorporen ó texto da mesma.
- Artigos 213 e ss. do TRLRFL, sobre o control e a fiscalización da xestión económica que lle corresponde realizar á Intervención.
- Artigo 24 da LXS que establece que a función de instrución comprenden a petición de cantos informes se estimen necesarios para resolver ou que sexan exixidos polas normas que regulan a subvención.

RESOLUCIÓN DO EXPEDIENTE

- Artigo 21 da LPACAP que regula a obriga das Administracións públicas de resolver expresamente todos os procedementos, calquera que sexa a forma de iniciación, e a notificar a devandita resolución. O prazo máximo no que debe notificarse a resolución será fixado pola norma reguladora co correspondente procedemento.



- Artigo 22 LXS que dispón que a proposta de concesión formularase ao órgano concedente a través do órgano instructor.
- Artigo 25 LXS polo que o órgano competente resolverá o procedente e a resolución motivarase de conformidade co que dispoñan as bases reguladoras da subvención.
- Artigo 62 RLXS que establece que na resolución de concesión deberán quedar claramente identificados os compromisos asumidos polos beneficiarios.
- Artigo 17 e seguintes da Ordenanza Xeral que regulan o procedemento de concesión.
- Bases 1ª e 19ª das reguladoras do Plan+ Provincia 2024 que definen o obxecto, tipoloxía e as finalidades subvencionables que poden acollerse a este plan.
- Bases 1ª e 23ª das reguladoras do Plan + Provincia 2024 que permiten destinar a cantidade asignada na liña 1 ao financiamento das achegas municipais a investimentos incluídos noutros plans, programas ou convenios da Deputación ou doutras administracións públicas, cando se trate de obras ou subministracións de competencia municipal e sempre que os prazos recollidos no convenio ou noutros plans se axusten aos contemplados nas bases do Plan + Provincia 2024.
- Bases 5ª e 6ª das reguladoras do Plan + Provincia 2024 que consignan o crédito orzamentario, a porcentaxes mínimas sobre as cantidades asignadas no exercicio 2024, así como os criterios obxectivos de repartición.
- Bases 10ª e 27ª das reguladoras do Plan + Provincia 2024 que recollen o prazo, lugar e documentación necesaria das solicitudes de concesión de subvención

A teor de todo o sinalado, no exercicio das competencias que atribúe o artigo 35 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, o artigo 63 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais e as bases específicas de execución do orzamento para o vixente exercicio, e vistos os informes do facultativo técnico do servizo de Cooperación, de data 04/06/2024, e da xefa do servizo de Cooperación de data 04/06/2024 que conclúen favorablemente a tramitación da subvención, e do informe da Intervención provincial, de data 06/06/2024, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- Conceder unha subvención ao *Concello de Tomiño*, CIF: P3605400E, ao abeiro do Plan + Provincia 2024 liña 1_Investimentos, por importe de 96.291,37 € co obxecto do financiamento da achega ao Plan Extraordinario de Infraestruturas Deportivas do investimento “*Reforma cuberta e fachada do pavillón de deportes de A Carballa*” (Expte. 2024022295), cuxo orzamento ascende 184.577,37 €, quedando a concesión configurada tal e como se reflicte na seguinte táboa:

Orzamento	Subvención Plan + Provincia 2024	Achegas doutras administracións públicas (PEID)	Fondos propios do Concello
184.577,37 €	96.291,37 €	88.286,00 €	0,00 €



- Autorizar e comprometer o gasto na aplicación 2024/942.9425.762.45 do vixente orzamento provincial na que existe crédito suficiente para facer fronte ó gasto. Unha vez concedida a subvención, xerárase crédito na aplicación orzamentaria correspondente do Plan Extraordinario de Infraestruturas Deportivas e realizaranse as oportunas operacións de formalización.
- A execución e xustificación deste investimento rexeráse polas normas do plan que se co-financia, Plan Extraordinario de Infraestruturas Deportivas aprobado por acordo da Xunta de Goberno 2.33272 de 15/12/2023 (BOPPO nº 245 do 22/12/2023).
- Darlle traslado do presente acordo ao *Concello de Tomiño*, á Intervención Provincial, ao Servizo de Cooperación e ao Gabinete da Presidencia.

13.33916.- CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN, POR CAMBIO DE FINALIDADE, AO CONCELLO DE VALGA, AO ABEIRO DO PLAN CONCELLOS 2022-2023, ANUALIDADE 2023, CO OBXECTO DO FINANCIAMENTO DO INVESTIMENTO “CONSTRUCCIÓN SENDA PEONIL E VÍA CICLABLE NO CONTORNO LAGO A PORTO PIÑEIRO-ACHEGA PON2030” (Expte.2024036098)

No marco do Plan Concellos 2022-2023, anualidade 2023, mediante acordo da Xunta de Goberno nº9.32533, de data 14/04/2023, se lle concedeu ao *Concello de Valga* unha subvención, por importe de 93.017,52 €, co obxecto do financiamento do investimento “*Renovación dos servizos urbanos na estrada nacional N-550 (Avda. Coruña) marxe dereito*” (Expte. 2023006147), en base a un orzamento que ascendía a 464.248,50€. O importe que resta ata completar o orzamento financiábase coa axuda solicitada á Xunta de Galicia, por importe de 371.230,98 €.

En data 27/05/2024, mediante rexistro WEB2024034021, o *Concello de Valga* desiste á subvención concedida co obxecto do financiamento do investimento “*Renovación dos servizos urbanos na estrada nacional N-550 (Avda Coruña) marxe dereito*” (Expte 2023006147), pola imposibilidade de material de executar a obra ao non dispoñer a entidade municipal do crédito necesario para afrontar o co-financiamento, dado que a Xunta de Galicia non concedeu a totalidade da axuda solicitada.

Ao mesmo tempo que o *Concello de Valga* desiste á subvención concedida co obxecto do financiamento do investimento “*Renovación dos servizos urbanos na estrada nacional N-550 (Avda Coruña) marxe dereito*” (Expte.2023006147), achega a solicitude referida ao novo investimento “*Construcción de senda peonil e vía ciclable no contorno Lago a Porto Piñeiro-Achega PON2030*” (Expte. 2024036098), ao que se destinará o crédito retido unha vez se aprobe a desistencia.

En data 06/06/2024, mediante resolución presidencial núm. 2024004722, acéptase a desistencia á subvención concedida co obxecto do financiamento da obra “*Renovación dos servizos urbanos na estrada nacional N-550 (Avda Coruña) marxe dereito*” (Expte. 2023006147), o que deixa en dispoñible na aplicación orzamentaria 2024/942.9425.762.45.2023 e no correspondente proxecto de gasto crédito por importe de 93.017,52 € con destino á nova proposta de inversión que pretende acometer a entidade municipal.



Sinalar, que a nova petición cumpre os requisitos que establecen as Bases reguladoras do Plan Concellos 2022-2023 para a Liña 1, contando con informe favorable dos facultativos técnicos da Deputación.

FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA NORMATIVA EXAMINADA

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS) e o seu Regulamento aprobado por R.D. 887/2006, de 21 de xullo (RLXS).
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG).
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LRBRL).
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPACAP).
- Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da lei reguladora das Facendas locais (TRLRFL).
- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades locais (ROFRJEL).
- Ordenanza xeral de subvencións da Deputación.
- Bases de execución do vixente orzamento provincial.
- Bases reguladoras do PLAN CONCELLOS 2022-2023.

CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS INSTRUCCIÓN DO EXPEDIENTE:

- Base reguladora 16ª do PLAN CONCELLOS 2022-2023 relativa á instrución, procedemento e resolución, que indica que correspóndelle ao Servizo de Cooperación as actuacións necesarias para a determinación, o coñecemento e a comprobación dos expedientes. Asemade, establécese que unha vez realizado o estudo de cada solicitude recibida, e en función da información dispoñible, elaborárase unha proposta de concesión da subvención para someter á aprobación do órgano competente, previo informe do técnico competente da Deputación segundo a natureza do investimento e da fiscalización do servizo de intervención.

PETICIÓN E EVACUACIÓN DE INFORMES:

- Artigo 80 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, sobre a petición e a evacuación de informes.
- Artigo 88.6 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á Resolución cando se incorporen ó texto da mesma.

PROCEDENCIA DA CONCESIÓN

- Base 17ª das reguladoras do PLAN CONCELLOS 2022-2023, que permite solicitar aos Concellos un cambio de destino pola desistencia total ou parcial á finalidade subvencionada, sempre que se solicite antes de que remate o prazo de realización dos investimentos obxecto subvención e sempre que coa mesma non se prexudiquen dereitos de terceiros



PARTE DISPOSITIVA

A teor de todo o sinalado, no exercicio das competencias que atribúe o artigo 35 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, o artigo 63 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais e as bases específicas de execución do orzamento para o vixente exercicio, e vistos os informes do facultativo técnico do servizo de Cooperación, de data 05/04/2024, e da xefa do servizo de Cooperación, de data 06/06/2024, que conclúen favorablemente a tramitación da subvención, e do informe da Intervención provincial, de data 07/06/2024, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- Conceder ao *Concello de Valga*, CIF: P3605600J, unha subvención por cambio de finalidade, importe de 92.210,71 € co obxecto do financiamento do investimento “*Construción da senda peonil e via ciclable no contorno lago a porto piñeiro_ achega PON2032*” (Expte. 2024036098), cuxo orzamento ascende a 614.738,09 €. O importe que resta ata completar o orzamento finánciase coa axuda concedida, por importe de 522.527,38 €, a través do Programa Provincial de Infraestruturas e dotacións singulares para a execución da Axenda 2030 (en adiante PON2030).
- Autorizar e comprometer o gasto na aplicación 24/942.9425.762.45.2023 do vixente orzamento provincial na que existe crédito suficiente para facer fronte ao mesmo. Posteriormente, xerárase crédito na aplicación orzamentaria correspondente ao PON2030, realizándose para isto as oportunas operacións en formalización.
- Conforme a base 23ª das reguladoras, a licitación, execución e xustificación do investimento realizarase conforme ao previsto nas bases reguladoras do PON2030, aprobadas polo Pleno mediante acordo núm. 2.7960 de 06/03/2023 e publicadas no BOPPO núm. 46 de 07/03/2023 (dispoñibles tamén <http://sede.depo.gal>) e a demais lexislación vixente en materia de contratación e subvencións.
- Darlle traslado do presente acordo ao *Concello de Valga*, á Intervención Provincial, ao Servizo de Cooperación e ao Gabinete da Presidencia.

14.33917.- CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN AO CONCELLO DE VALGA AO ABEIRO DO PLAN + PROVINCIA 2024 LIÑA 1-INVESTIMENTOS, CO OBXECTO DO FINANCIAMENTO DO INVESTIMENTO “RENOVACIÓN DOS SERVIZOS URBANOS NA ESTRADA NACIONAL N-550 (AVENIDA DA CORUÑA) ENTRE O P.Q. 86+500 E O P.Q. 87+100. MARXE DEREITO” (Expte.2024022267)

O Pleno da Deputación, na súa sesión do 29/12/2023, mediante acordo núm. 4.8103, acordou aprobar as bases reguladoras do Plan de Obras e Servizos de competencia municipal (Plan Máis Provincia) 2024, en adiante Plan + Provincia 2024, que foron publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO) núm. 2 do 03/01/2024.



Mediante resolución presidencial núm. 2024000047 de data 08/01/2024 aprobouse a cantidade total e a que por liña lle corresponde a cada concello; mais a disposición de crédito se fará por cada solicitude de subvención, unha vez revisada a documentación achegada e instruído o procedemento que se recolle no capítulo I. Liña 1-Investmentos.

En data 02/04/2024, mediante rexistro WEB2024021357, formalmente e en prazo, consta entrada na sede electrónica da Deputación, ao abeiro do Plan + Provincia 2024, dunha petición do *Concello de Valga* na que solicita, con cargo a cantidade que lle correspondeu no reparto unha subvención, por importe de 52.993,07€, con obxecto do financiamento do investimento “*Renovación dos servizos urbanos na estrada nacional N-550 (Avenida da Coruña) entre o P.Q. 86+500 e o P.Q. 87+100. Marxe dereito*” en base a un orzamento que ascende a 464.248,50 €. O importe que resta, ata completar o orzamento, financíase coa axuda concedida pola Xunta de Galicia por importe de 318.237,91 € e coa subvención concedida no marco do Plan Concellos 2022_2023 (anualidade 2023) por importe de 93.017,52 €.

En data 02/05/2024, rexítase dita petición polo Servizo de Cooperación, por non axustarse os prazos de execución recollidos nas bases do Plan Concellos 2022_2023 cos contemplados nas bases do Plan + Provincia 2024.

Neste contexto o concello de Valga, vese na necesidade de reformular as peticións do Plan Concellos 2022_2023 (anualidade 2023) e Plan + Provincia 2024, no senso de:

- Desistir da subvención concedida, mediante acordo da Xunta de Goberno núm. 9.32533 de data 14 de abril de 2023, no marco do Plan Concellos 2022-2023 (anualidade 2023), co destino ao financiamento do investimento “*Renovación dos servizos urbanos na estrada nacional n-550 (Avenida da Coruña) entre o P.Q. 86+500 e o P.Q. 87+100. Marxe dereito*” (Expte.2023006147) por importe de 93.017,52 € (aceptada dita desistencia mediante Resolución Presidencial núm.2024004722 de data 06/06/2024).
- Desistir da subvención concedida, mediante acordo 23.33649 da Xunta de Goberno do día 12 de abril de 2024 ao abeiro do Plan + Provincia 2024, por importe de 92.210,71 €, co obxecto do financiamento da achega municipal ó programa PON2030 do investimento “*Construción senda peonil e vía ciclable no contorno lagoa de Porto Piñeiro*” (Expte. 2024021699). Aceptada dita desistencia mediante resolución presidencial número 2024004701 de data 05/06/2024, deixa en dispoñible crédito por importe de 92.210,71 € que se destinará, previa tramitación da corresponde solicitude, ao financiamento do investimento “*Renovación dos servizos urbanos na estrada nacional n-550 (Avenida da Coruña) entre o P.Q. 86+500 e o P.Q. 87+100. marxe dereito*”.



En data 27/05/2024, mediante rexistro WEB2024034021, consta entrada na sede electrónica da Deputación, ao abeiro do Plan + Provincia 2024, nova petición do *Concello de Valga* na que reformula a petición de data 02/04/2024 (WEB2024021357), co obxecto do financiamento do investimento “*Renovación dos servizos urbanos na estrada nacional N-550 (Avenida da Coruña) entre o P.Q. 86+500 e o P.Q. 87+100. marxe dereito*”, quedando configurada a súa solicitude tal é como se reflicte na seguinte táboa:

Orzamento	Subvención Plan + Provincia 2024	Achegas doutras administracións públicas	Fondos propios do Concello
464.248,50 €	145.203,78 €	318.237,91 €	806,81 €

Consta no expediente documento relativo á titularidade dos terreos sobre os que se pretende actuar, e informe técnico sobre as afeccións sectoriais, indicando que é preciso contar con autorización sectorial do “*Ministerio de Transportes, Movilidad y Agenda Urbana*”.

Revisada a documentación, a solicitude remitida cumpre os requisitos esixidos nas bases reguladoras do Plan + Provincia 2024 e achega a documentación que se recolle na base 27ª.

Non obstante, na data de presentación da solicitude de subvención estaba pendente de outorgamento nova a autorización sectorial do “*Ministerio de Transportes, Movilidad y Agenda Urbana*”.

A devandita autorización, serán achegada coa primeira xustificación do investimento subvencionado, conforme ao establecido na base 27ª do Plan.

FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA

1.- NORMATIVA EXAMINADA

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS) e o seu Regulamento aprobado por RD 887/2006, de 21 de xullo (RLXS).
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG).
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL).
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPACAP).
- Lei 9/2017, de 8 de novembro de contratos do sector público.
- Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais (TRLRF).
- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais (ROFRJEL).
- Bases de execución do vixente orzamento provincial.
- Bases reguladoras do Plan + Provincia 2024.
- Ordenanza xeral de subvencións da Deputación.



2.- CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

INSTRUCCIÓN DO EXPEDIENTE

- Base Reguladora 15ª do Plan + Provincia 2024 relativa á ordenación, instrución, procedemento e resolución, que indica que lle corresponde ao Servizo de Cooperación as actuacións necesarias para a determinación, o coñecemento e a comprobación dos expedientes. Así mesmo, establécese que unha vez realizado o estudo de cada solicitude e, en función da información dispoñible, elaborárase unha proposta de concesión da subvención para sometela á aprobación do órgano competente, previo informe do técnico ou técnico competente da Deputación segundo a natureza do investimento e da fiscalización da Intervención.

PETICIÓN E EVACUACIÓN DE INFORMES:

- Artigo 80 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, sobre a petición e a evacuación de informes.
- Artigo 88.6 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á resolución cando se incorporen ó texto da mesma.
- Artigos 213 e ss. do TRLRFL, sobre o control e a fiscalización da xestión económica que lle corresponde realizar á Intervención.
- Artigo 24 da LXS que establece que a función de instrución comprenden a petición de cantos informes se estimen necesarios para resolver ou que sexan exixidos polas normas que regulan a subvención.

RESOLUCIÓN DO EXPEDIENTE

- Artigo 21 da LPACAP que regula a obriga das Administracións públicas de resolver expresamente todos os procedementos, calquera que sexa a forma de iniciación, e a notificar a devandita resolución. O prazo máximo no que debe notificarse a resolución será fixado pola norma reguladora co correspondente procedemento.
- Artigo 22 LXS que dispón que a proposta de concesión formularase ao órgano concedente a través do órgano instrutor.
- Artigo 25 LXS polo que o órgano competente resolverá o procedente e a resolución motivárase de conformidade co que dispoñan as bases reguladoras da subvención.
- Artigo 62 RLXS que establece que na resolución de concesión deberán quedar claramente identificados os compromisos asumidos polos beneficiarios.
- Artigo 17 e seguintes da Ordenanza Xeral que regulan o procedemento de concesión.
- Bases 1ª e 19ª das reguladoras do Plan + Provincia 2024 que definen o obxecto, tipoloxía e as finalidades subvencionables que poden acollerse a este plan.
- Bases 5ª e 6ª das reguladoras do Plan + Provincia 2024 que consignan o crédito orzamentario, a porcentaxes mínimas sobre as cantidades asignadas no exercicio 2024, así como os criterios obxectivos de repartición..
- Bases 10ª e 27ª das reguladoras do Plan + Provincia 2024 que recollen o prazo, lugar e documentación necesaria das solicitudes de concesión de subvención.



A teor de todo o sinalado, no exercicio das competencias que atribúe o artigo 35 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, o artigo 63 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais e as bases específicas de execución do orzamento para o vixente exercicio, e vistos os informes do facultativo técnico do servizo de Cooperación, de data 30/05/2024, e da xefa do servizo de Cooperación de data 06/06/2024 que conclúen favorablemente a tramitación da subvención, e do informe da Intervención provincial, de data 07/06/2024, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- Conceder ao *Concello de Valga* (CIF:P3605600J), ao abeiro do Plan + Provincia 2024 liña 1_Investmentos, unha subvención por importe de 145.203,78 € co obxecto do financiamento do investimento “*Renovación dos servizos urbanos na estrada nacional N-550 (Avenida da Coruña) entre o P.Q. 86+500 e o P.Q. 87+100. marxe dereito*” (Expte. 2024022267)”, cuxo orzamento ascende 464.248,50 €, quedando a concesión configurada tal e como se reflicte na seguinte táboa:

Orzamento	Subvención Plan + Provincia 2024	Achegas doutras administracións públicas	Fondos proprios do Concello
464.248,50€	145.203,78€	318.237,91€	806,81€

- Autorizar e comprometer o gasto na aplicación 2024/942.9425.762.45 do vixente orzamento provincial na que existe crédito suficiente para facer fronte ao mesmo
- Non obstante, a presente concesión de subvención queda condicionada á que o Concello achegue a autorización sectorial do “*Ministerio de Transportes, Movilidad y Agenda Urbana*”. Esta documentación será presentada coa primeira xustificación do investimento subvencionado
- A licitación, execución e xustificación do investimento realizarase conforme ao previsto nas bases reguladoras do Plan + Provincia 2024, aprobadas polo Pleno mediante acordo núm. 4.8103 de 29/12/2023 e publicadas no BOPPO núm. 2 de 03/01/2024 (dispoñibles tamén <http://sede.depo.gal>) e a demais lexislación vixente en materia de contratación e subvencións
- Así mesmo, conforme a base 34ª reguladora do Plan + Provincia 2024, o investimento subvencionado deberá estar executado o 31/12/2025 e xustificado na súa totalidade o 31/03/2026. O incumprimento desta obriga dará lugar a revogación da subvención
- Darlle traslado do presente acordo ao *Concello de Valga*, á Intervención Provincial, ao Servizo de Cooperación e ao Gabinete da Presidencia.



15.33918.- CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN AO CONCELLO DE VILA DE CRUCES, NO MARCO DA LIÑA 2 DO PLAN +PROVINCIA 2024, CON DESTINO AO FINANCIAMENTO DE “GASTO CORRENTE DERIVADO DA PRESTACIÓN DE SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL” (Expte. 2024021687).

O Pleno da Deputación, na súa sesión do 29 de decembro de 2023, mediante acordo núm.4.8103, acordou a aprobación das bases reguladoras do Plan de Obras e Servizos de competencia municipal (Plan +Provincia) 2024, en adiante Plan +Provincia 2024, que foron publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO) núm. 2 do 3 de xaneiro de 2024.

Mediante Resolución Presidencial núm.2024000047 de data 08/01/2024 aprobáronse as cantidades totais asignadas a cada concello e as que lle correspondían por cada liña.

En data 02/04/2024, con rexistro núm.WEB2024021354, dentro do prazo fixado na convocatoria, consta a entrada no rexistro da Deputación, ao abeiro da liña 2 do Plan +Provincia 2024, petición do Concello de Vila de Cruces na que solicita unha subvención por importe de 172.780,31 €, con destino ao financiamento de “Gasto corrente derivado da prestación de servizos de competencia municipal” (Expte.:2024021687), cun orzamento polo mesmo importe.

O Concello solicita o traspaso de 160.531,96 € da liña 1-investmentos a liña 2.

En data 22/05/2024, con rexistro WEB2024032931, a entidade municipal remite informe da interventora municipal na que indica que non constan débedas de exercicios anteriores.

No mesmo rexistro remítese unha nova proposta orientativa das actuacións a levar a cabo. Esta modificación non implica cambio con respecto finalidade proposta inicialmente e non implica variación no importe solicitado con anterioridade. En datas posteriores, subsanase dita proposta pola existencia dun erro aritmético.

Xunto coa solicitude de subvención a entidade municipal remite proposta orientativa coas actuacións que pretende levar a cabo ao longo do ano 2024 e son as seguintes:

	Orzamento	Subvención solicitada
Gastos de recollida de lixo e tratamento de residuos, rede abastecemento de auga potable e de sumidoiros	145.899,31 €	145.899,31 €
Funcionamento de escola de música e/ou deportivas	14.863,00 €	14.863,00 €
Servizos necesarios para o desenvolver os servizos municipais asistencia xurídica, informática, asesoría laboral	12.018,00 €	12.018,00 €
TOTAL	172.780,31 €	172.780,31 €



FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA

I.- NORMATIVA EXAMINADA

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS) e o seu Regulamento aprobado por RD 887/2006, de 21 de xullo (RLXS).
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG).
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL).
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPACAP).
- Lei 9/2017, de 8 de novembro de contratos do sector público.
- Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais (TRLRF).
- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais (ROFRJEL).
- Bases de execución do vixente orzamento provincial.
- Bases reguladoras do Plan +Provincia 2024.
- Ordenanza xeral de subvencións da Deputación.

II.- CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

Instrución do expediente:

- Base Reguladora 15ª do Plan +Provincia 2024 relativa á instrución, procedemento e resolución, que indica que correspóndelle ao servizo de Cooperación as actuacións necesarias para a determinación, o coñecemento e a comprobación dos expedientes.

Petición e evacuación de informes:

- Artigo 80 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, sobre a petición e a evacuación de informes.
- Artigo 88.6 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á Resolución cando se incorporen ó texto da mesma.
- Artigos 213 e ss. Do TRLRFL, sobre o control e a fiscalización da xestión económica que lle corresponde realizar á Intervención.
- Artigo 24 da LXS que establece que a función de instrución comprenden a petición de cantos informes se estimen necesarios para resolver ou que sexan exixidos polas normas que regulan a subvención.

Resolución do expediente:

- Artigo 22 LXS que dispón que a proposta de concesión formularase ao órgano concedente a través do órgano instrutor.
- Artigo 25 LXS polo que o órgano competente resolverá o procedente e a resolución motivarase de conformidade co que dispoñan as bases reguladoras da subvención.
- Artigo 62 RLXS que establece que na resolución de concesión deberán quedar claramente identificados os compromisos asumidos polos beneficiarios.



- Artigo 185 do TRLRFL que regula as competencias en materia de xestión de gasto.
- Artigo 17 e seguintes da Ordenanza xeral da Deputación de Pontevedra que regulan o procedemento de concesión.
- Base Reguladora 15^a das bases reguladoras do Plan +Provincia 2024, que sinala que unha vez efectuado o estudo de cada solicitude recibida, e en función da información dispoñible, elaborárase unha proposta de concesión da subvención para someter á aprobación do órgano competente, previo informe do técnico competente da Deputación, segundo a natureza do gasto, e da fiscalización da intervención.

CONCLUSIÓNS

A solicitude do *Concello de Vila de Cruces* relativa ao financiamento da actuación “*Gasto corrente derivado da prestación de servizos de competencia municipal*” (Expte.:2024021687) foi presentada dentro do prazo recollido nas bases do Plan +Provincia 2024, adáptase ás consideracións xurídicas expostas e xunta a documentación precisa para a válida concesión dunha subvención por importe de 172.780,31 €.

Visto que o obxecto da actuación adecúase dentro da tipoloxía das finalidades subvencionables dentro da base trixésimo quinta do Plan +Provincia 2024,

Por todo o exposto e á vista dos antecedentes e fundamentos de dereito aplicables, informo favorablemente o expediente do *Concello de Vila de Cruces*, CIF:P3605900D, e propono que lle sexa concedida unha subvención por importe de 172.780,31 € con destino ao financiamento da actuación “*Gasto corrente derivado da prestación de servizos de competencia municipal*” (Expte.2024021687), cun orzamento polo mesmo importe.

A concesión da subvención realizarase contra a aplicación 2024/942.9425.462.45 do orzamento provincial. De acordo con todo o sinalado, no exercicio das competencias que atribúe o artigo 35 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, o artigo 63 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais e as bases específicas de execución do orzamento para o presente exercicio, e vistos os informes da xefa do servizo de Cooperación, de data 29/05/2024, que conclúe favorablemente a tramitación da subvención, e do informe da Intervención provincial, de data 05/06/2024, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- Conceder ao *Concello de Vila de Cruces*, CIF:P3605900D, a cantidade de 172.780,31 €, con destino ao financiamento de “*Gasto corrente derivado da prestación de servizos de competencia municipal*” (Expte.2024021687), cun orzamento polo mesmo importe.
- Autorizar e comprometer o gasto na aplicación 2024/942.9425.462.45 do vixente orzamento provincial na que existe crédito suficiente para facer fronte ó gasto.



- A xustificación desta actuación realizarase conforme ó previsto nas bases reguladoras do Plan de Obras e Servizos de competencia municipal (Plan +Provincia) 2024, aprobadas por acordo núm.4.8103 do Pleno da Deputación de Pontevedra de data 29/12/2023 e publicadas no BOPPO núm. 2 de 3/01/2024 (dispoñibles tamén na sede electrónica <https://sede.depo.gal>) e a demais lexislación vixente en materia de contratación e subvencións. A base cuadraxésima das citadas bases establece que o Concello terá de prazo para xustificar a axuda concedida ata o 31 de marzo de 2025. O incumprimento desta obriga determinará a revogación da subvención e, no seu caso, o reintegro das cantidades percibidas de acordo co disposto no artigo 37 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.
- Darlle traslado do presente acordo ao *Concello de Vila de Cruces*, á Intervención, ao servizo de Cooperación e ao gabinete da Presidencia.

16.33919.- CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN AO CONCELLO DE VILANOVA DE AROUSA AO ABEIRO DO PLAN + PROVINCIA 2024 LIÑA 1-INVESTIMENTOS, CO OBXECTO DO FINANCIAMENTO DO INVESTIMENTO “REFORZO DE FIRME DE VLAIS MUNICIPAIS 2024” (Expte.2024022991)

O Pleno da Deputación, na súa sesión do 29/12/2023, mediante acordo núm. 4.8103, acordou aprobar as bases reguladoras do Plan de Obras e Servizos de competencia municipal (Plan Máis Provincia) 2024, en adiante Plan + Provincia 2024, que foron publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO) núm. 2 do 03/01/2024.

Mediante resolución presidencial núm. 2024000047 de data 08/01/2024 aprobouse a cantidade total e a que por liña lle corresponde a cada concello; mais a disposición de crédito se fará por cada solicitude de subvención, unha vez revisada a documentación achegada e instruído o procedemento que se recolle no capítulo I. Liña 1-Investmentos.

En data 03/04/2024, mediante rexistro WEB2024022019, formalmente e en prazo, consta entrada na sede electrónica da Deputación, ao abeiro do Plan + Provincia 2024, dunha petición do *Concello de Vilanova de Arousa* (modificada en data 15/05/2024 WEB2024031249) na que solicita, con cargo a cantidade que lle correspondeu no reparto unha subvención, por importe de 153.921,32 €, co obxecto do financiamento do investimento “*Reforzo de firme de viais municipais 2024*”, cuxo orzamento ascende 170.074,59 €, quedando configurada a súa petición tal é como se reflicte na seguinte táboa:

Orzamento	Subvención Plan + Provincia 2024	Achegas doutras administracións públicas	Fondos propios do Concello
170.074,59 €	153.921,32 €	0,00 €	16.153,27 €

Consta no expediente o certificado da secretaría xeral do Concello relativo á titularidade dos bens sobre os que se pretende actuar; o Concello achega informe técnico sobre as afeccións sectoriais, indicando que é preciso contar con autorización sectorial dos órganos competentes en materia de Costas da Xunta de Galicia (protección do litoral), Estradas da Xunta de Galicia e Medio Rural, e declaración responsable ante Augas de Galicia. O Concello achega as correspondentes solicitudes de autorizacións sectoriais e a declaración responsable ante Augas de Galicia.



Revisada a documentación, a solicitude remitida cumpre os requisitos esixidos nas bases reguladoras do Plan + Provincia 2024 e achega a documentación que se recolle na base 27ª.

FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA

1.- NORMATIVA EXAMINADA

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS) e o seu Regulamento aprobado por RD 887/2006, de 21 de xullo (RLXS).
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG).
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL).
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPACAP).
- Lei 9/2017, de 8 de novembro de contratos do sector público.
- Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais (TRLRF).
- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais (ROFRJEL).
- Bases de execución do vixente orzamento provincial.
- Bases reguladoras do Plan + Provincia 2024.
- Ordenanza xeral de subvencións da Deputación.

2.- CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

INSTRUCCIÓN DO EXPEDIENTE

- Base Reguladora 15ª do Plan + Provincia 2024 relativa á ordenación, instrución, procedemento e resolución, que indica que lle corresponde ao Servizo de Cooperación as actuacións necesarias para a determinación, o coñecemento e a comprobación dos expedientes. Así mesmo, establécese que unha vez realizado o estudo de cada solicitude e, en función da información dispoñible, elaborárase unha proposta de concesión da subvención para sometela á aprobación do órgano competente, previo informe do técnico ou técnico competente da Deputación segundo a natureza do investimento e da fiscalización da Intervención.

PETICIÓN E EVACUACIÓN DE INFORMES:

- Artigo 80 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, sobre a petición e a evacuación de informes.
- Artigo 88.6 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á resolución cando se incorporen ó texto da mesma.
- Artigos 213 e ss. do TRLRFL, sobre o control e a fiscalización da xestión económica que lle corresponde realizar á Intervención.
- Artigo 24 da LXS que establece que a función de instrución comprenden a petición de cantos informes se estimen necesarios para resolver ou que sexan esixidos polas normas que regulan a subvención.



RESOLUCIÓN DO EXPEDIENTE

- Artigo 21 da LPACAP que regula a obriga das Administracións públicas de resolver expresamente todos os procedementos, calquera que sexa a forma de iniciación, e a notificar a devandita resolución. O prazo máximo no que debe notificarse a resolución será fixado pola norma reguladora co correspondente procedemento.
- Artigo 22 LXS que dispón que a proposta de concesión formularase ao órgano concedente a través do órgano instrutor.
- Artigo 25 LXS polo que o órgano competente resolverá o procedente e a resolución motivarase de conformidade co que dispoñan as bases reguladoras da subvención.
- Artigo 62 RLXS que establece que na resolución de concesión deberán quedar claramente identificados os compromisos asumidos polos beneficiarios.
- Artigo 17 e seguintes da Ordenanza Xeral que regulan o procedemento de concesión.
- Bases 1ª e 19ª das reguladoras do Plan + Provincia 2024 que definen o obxecto, tipoloxía e as finalidades subvencionables que poden acollerse a este plan.
- Bases 5ª e 6ª das reguladoras do Plan + Provincia 2024 que consignan o crédito orzamentario, a porcentaxes mínimas sobre as cantidades asignadas no exercicio 2024, así como os criterios obxectivos de repartición..
- Bases 10ª e 27ª das reguladoras do Plan + Provincia 2024 que recollen o prazo, lugar e documentación necesaria das solicitudes de concesión de subvención.

A teor de todo o sinalado, no exercicio das competencias que atribúe o artigo 35 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, o artigo 63 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais e as bases específicas de execución do orzamento para o vixente exercicio, e vistos os informes do facultativo técnico do servizo de Cooperación, de data 03/06/2024, e da xefa do servizo de Cooperación de data 04/06/2024 que conclúen favorablemente a tramitación da subvención, e do informe da Intervención provincial, de data 06/06/2024, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- Conceder ao *Concello de Vilanova de Arousa* (CIF:P3606100J), ao abeiro do Plan + Provincia 2024 liña 1_Investmentos, unha subvención por importe de 153.921,32 € co obxecto do financiamento do investimento “*Reforzo de firme de vias municipais 2024*” (Expte.2024022991), cuxo orzamento ascende 170.074,59 €, quedando a concesión configurada tal e como se reflicte na seguinte táboa:

Orzamento	Subvención Plan + Provincia 2024	Achegas doutras administracións públicas	Fondos propios do Concello
170.074,59€	153.921,32€	0,00€	16.153,27€

- Autorizar e comprometer o gasto na aplicación 2024/942.9425.762.45 do vixente orzamento provincial na que existe crédito suficiente para facer fronte ao mesmo



- Non obstante, a presente concesión de subvención queda condicionada á que o Concello achegue as autorizacións sectoriais de Costas da Xunta de Galicia (*protección do litoral*), Estradas da Xunta de Galicia e Medio Rural. Esta documentación será presentada coa primeira xustificación do investimento subvencionado.
- A licitación, execución e xustificación do investimento realizarase conforme ao previsto nas bases reguladoras do Plan + Provincia 2024, aprobadas polo Pleno mediante acordo núm. 4.8103 de 29/12/2023 e publicadas no BOPPO núm. 2 de 03/01/2024 (disponibles tamén <http://sede.depo.gal>) e a demais lexislación vixente en materia de contratación e subvencións
- Así mesmo, conforme a base 34ª reguladora do Plan + Provincia 2024, o investimento subvencionado deberá estar executado o 31/12/2025 e xustificado na súa totalidade o 31/03/2026. O incumprimento desta obriga dará lugar a revogación da subvención.
- Darlle traslado do presente acordo ao *Concello de Vilanova de Arousa*, á Intervención Provincial, ao Servizo de Cooperación e ao Gabinete da Presidencia.

17.33920.- CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN AO CONCELLO DE VILANOVA DE AROUSA AO ABEIRO DO PLAN + PROVINCIA 2024 LIÑA 1-INVESTIMENTOS, CO OBXECTO DO FINANCIAMENTO DO INVESTIMENTO “COMPRA DE TERREOS EN VILANOVA DE AROUSA” (Expte.:2024019328)

O Pleno da Deputación, na súa sesión do 29/12/2023, mediante acordo núm. 4.8103, acordou aprobar as bases reguladoras do Plan de Obras e Servizos de competencia municipal (Plan Máis Provincia) 2024, en adiante Plan + Provincia 2024, que foron publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO) núm. 2 do 03/01/2024.

Mediante resolución presidencial núm. 2024000047 de data 08/01/2024 aprobouse a cantidade total e a que por liña lle corresponde a cada concello; mais a disposición de crédito se fará por cada solicitude de subvención, unha vez revisada a documentación achegada e instruído o procedemento que se recolle no capítulo I. Liña 1-Investmentos.

En data 19/03/2024, mediante rexistro WEB2024018157, formalmente e en prazo, consta entrada na sede electrónica da Deputación, ao abeiro do Plan + Provincia 2024, dunha petición (modificada en data 06/05/2024 WEB2024029344) do *Concello de Vilanova de Arousa* na que solicita, con cargo a cantidade que lle correspondeu no reparto unha subvención, por importe de 62.126,93 €, co obxecto do financiamento do investimento “*Compra de terreos en Vilanova de Arousa*”, cuxo orzamento ascende 62.126,93 €, quedando configurada a súa petición tal é como se reflicte na seguinte táboa:

Orzamento	Subvención Plan + Provincia 2024	Achegas doutras administracións públicas	Fondos propios do Concello
62.126,93€	62.126,93€	0,00€	0,00€



Revisada a documentación, a solicitude remitida cumpre os requisitos esixidos nas bases reguladoras do Plan + Provincia 2024 e achega a documentación que se recolle na base 27ª.

FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA

1.- NORMATIVA EXAMINADA

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS) e o seu Regulamento aprobado por RD 887/2006, de 21 de xullo (RLXS).
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG).
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL).
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPACAP).
- Lei 9/2017, de 8 de novembro de contratos do sector público.
- Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais (TRLRF).
- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais (ROFRJEL).
- Bases de execución do vixente orzamento provincial.
- Bases reguladoras do Plan + Provincia 2024.
- Ordenanza xeral de subvencións da Deputación.

2.- CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

INSTRUCCIÓN DO EXPEDIENTE

- Base Reguladora 15ª do Plan + Provincia 2024 relativa á ordenación, instrución, procedemento e resolución, que indica que lle corresponde ao Servizo de Cooperación as actuacións necesarias para a determinación, o coñecemento e a comprobación dos expedientes. Así mesmo, establécese que unha vez realizado o estudo de cada solicitude e, en función da información dispoñible, elaborárase unha proposta de concesión da subvención para sometela á aprobación do órgano competente, previo informe do técnico ou técnico competente da Deputación segundo a natureza do investimento e da fiscalización da Intervención.

PETICIÓN E EVACUACIÓN DE INFORMES:

- Artigo 80 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, sobre a petición e a evacuación de informes.
- Artigo 88.6 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á resolución cando se incorporen ó texto da mesma.
- Artigos 213 e ss. do TRLRFL, sobre o control e a fiscalización da xestión económica que lle corresponde realizar á Intervención.
- Artigo 24 da LXS que establece que a función de instrución comprenden a petición de cantos informes se estimen necesarios para resolver ou que sexan esixidos polas normas que regulan a subvención.



RESOLUCIÓN DO EXPEDIENTE

- Artigo 21 da LPACAP que regula a obriga das Administracións públicas de resolver expresamente todos os procedementos, calquera que sexa a forma de iniciación, e a notificar a devandita resolución. O prazo máximo no que debe notificarse a resolución será fixado pola norma reguladora co correspondente procedemento.
- Artigo 22 LXS que dispón que a proposta de concesión formularase ao órgano concedente a través do órgano instructor.
- Artigo 25 LXS polo que o órgano competente resolverá o procedente e a resolución motivarase de conformidade co que dispoñan as bases reguladoras da subvención.
- Artigo 62 RLXS que establece que na resolución de concesión deberán quedar claramente identificados os compromisos asumidos polos beneficiarios.
- Artigo 17 e seguintes da Ordenanza Xeral que regulan o procedemento de concesión.
- Bases 1ª e 19ª das reguladoras do Plan + Provincia 2024 que definen o obxecto, tipoloxía e as finalidades subvencionables que poden acollerse a este plan.
- Bases 5ª e 6ª das reguladoras do Plan + Provincia 2024 que consignan o crédito orzamentario, a porcentaxes mínimas sobre as cantidades asignadas no exercicio 2024, así como os criterios obxectivos de repartición..
- Bases 10ª e 27ª das reguladoras do Plan + Provincia 2024 que recollen o prazo, lugar e documentación necesaria das solicitudes de concesión de subvención.

A teor de todo o sinalado, no exercicio das competencias que atribúe o artigo 35 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, o artigo 63 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais e as bases específicas de execución do orzamento para o vixente exercicio, e vistos os informes do facultativo técnico do servizo de Cooperación, de data 10/06/2024, e da xefa do servizo de Cooperación de data 10/06/2024 que conclúen favorablemente a tramitación da subvención, e do informe da Intervención provincial, de data 11/06/2024, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- Conceder ao *Concello de Vilanova de Arousa* (CIF:P3606100J), ao abeiro do Plan + Provincia 2024 liña 1_Investmentos, unha subvención por importe de 62.126,93 € co obxecto do financiamento do investimento “*Compra de terreos en Vilanova de Arousa*” (Expte. 2024019328)”, cuxo orzamento ascende 62.126,93 €, quedando a concesión configurada tal e como se reflicte na seguinte táboa:

Orzamento	Subvención Plan + Provincia 2024	Achegas doutras administracións públicas	Fondos propios do Concello
62.126,93€	62.126,93€	0,00€	0,00€

- Autorizar e comprometer o gasto na aplicación 2024/942.9425.762.45 do vixente orzamento provincial na que existe crédito suficiente para facer fronte ao mesmo.



- A licitación, execución e xustificación do investimento realizarase conforme ao previsto nas bases reguladoras do Plan + Provincia 2024, aprobadas polo Pleno mediante acordo núm. 4.8103 de 29/12/2023 e publicadas no BOPPO núm. 2 de 03/01/2024 (disponibles tamén <http://sede.depo.gal>) e a demais lexislación vixente en materia de contratación e subvencións.
- Así mesmo, conforme a base 34ª reguladora do Plan + Provincia 2024, o investimento subvencionado deberá estar executado o 31/12/2025 e xustificado na súa totalidade o 31/03/2026. O incumprimento desta obriga dará lugar a revogación da subvención.
- Darlle traslado do presente acordo ao *Concello de Vilanova de Arousa*, á Intervención Provincial, ao Servizo de Cooperación e ao Gabinete da Presidencia.

18.33921.- ACEPTACIÓN DA MODIFICACIÓN DO PRAZO DE EXECUCIÓN DAS ACTUACIÓNS OBXECTO DE AXUDA DO PROXECTO DENOMINADO “DEPO 2030 A PROVINCIA DE PONTEVEDRA COA ENERXÍA COMUNITARIA, ALCANZABLE E LIMPA. PROXECTO DE CONCIENCIACIÓN E SENSIBILIZACIÓN SOBRE OS ODS E DE ACTIVACIÓN CIDADÁ EN RELACIÓN AO ODS 7 E AS COMUNIDADES LOCAIS DE ENERXÍA”.
(Expte.2023030813)

No expediente consta o informe da Xefa de servizo de cooperación que literalmente se transcribe:

“Á vista da resolución do Ministerio de Dereitos Sociais, Consumo e Axenda 2030 autorizando a modificación do prazo de execución das actuacións obxecto de axuda do proxecto denominado “DEPO 2030 a provincia de Pontevedra coa enerxía comunitaria, alcanzable e limpa. Proxecto de concienciación e sensibilización sobre os ODS e de activación cidadá en relación ao ODS 7 e as comunidades locais de enerxía” e co obxecto de aceptar a Resolución da Subdirectora Xeral de Análises e Estratexia da Axenda 2030 con rexistro de entrada na Deputación de Pontevedra número 2024009000 e de data 29/05/2024, a Xefa de Servizo de Cooperación, emite o seguinte:

I. ANTECEDENTES

- *En data 27/04/2023 preséntase no rexistro electrónico do Ministerio de Dereitos Sociais e Axenda 2030, o proxecto denominado “DEPO 2030 A PROVINCIA DE PONTEVEDRA COA ENERXÍA COMUNITARIA, ALCANZABLE E LIMPA. Proxecto de concienciación e sensibilización sobre os ODS e de activación cidadá en relación ao ODS 7 e as Comunidades Locais de Enerxía” asinándolle o número de rexistro REGAGE23e00027150025.*
- *En data 08/11/2023, publícase no portal web do Ministerio de Dereitos Sociais e Axenda 2030 a Resolución de concesión da Secretaría de Estado para a Axenda 2030, das subvencións concedidas, por concorrencia competitiva, destinadas a accións para o impulso da Axenda 2030 nas Entidades Locais correspondente á 2023. Nesta resolución concédese unha subvención á Deputación de Pontevedra, para a execución do proxecto denominado “DEPO 2030 A PROVINCIA DE PONTEVEDRA COA ENERXÍA COMUNITARIA, ALCANZABLE E LIMPA. Proxecto de concienciación e sensibilización sobre os ODS e de activación cidadá en relación ao ODS 7 e as Comunidades Locais de Enerxía”, por importe de 249.500,00 € sendo o total do orzamento os 426.000,00 €.*



- *A Xunta de Goberno da Deputación Provincial, na súa sesión ordinaria do día 22 de decembro de 2023, adoptou, entre outros, o acordo número 25.33313 de aceptación das axudas concedidas polo Ministerio de Dereitos Sociais e Axenda 2030 para a posta en marcha do proxecto denominado “DEPO 2030 A PROVINCIA DE PONTEVEDRA COA ENERXÍA COMUNITARIA, ALCANZABLE E LIMPA. Proxecto de concienciación e sensibilización sobre os ODS e de activación cidadá en relación ao ODS 7 e as Comunidades Locais de Enerxía”, dentro do programa de subvencións destinadas a accións para o impulso da axenda 2030 nas entidades locais, no marco da orde DSA/632/2022, do 23 de xuño. (expte.2023030813).*
- *A Xunta de Goberno da Deputación Provincial na súa sesión ordinaria do día 21 de maio de 2024, adoptou, entre outros o acordo núm.: 31.33819 de modificación do prazo de execución das actuacións obxecto de axuda do proxecto denominado “DEPO 2030 a provincia de Pontevedra coa enerxía comunitaria, alcanzable e limpa. Proxecto de concienciación e sensibilización sobre os ODS e de activación cidadá en relación ao ODS 7 e as comunidades locais de enerxía” (Expte. 2023030813).*
- *Con data 27/05/2024 e con número de rexistro 2024000256, ao amparo do artigo 15.2 da Orde DSA/632/2022, de 23 de xuño, a Deputación de Pontevedra solicita ante o Ministerio de Dereitos Sociais e Axenda 2030 a modificación do prazo de execución das actuacións obxecto da axuda debido as seguintes circunstancias:*
 - *Dificultades para conformar o equipo persoal encargado de realizar as tarefas de apoio á coordinación da OTC_DEPO e dos proxectos relacionados co acceso a unha enerxía alcanzable, segura, sostible e moderna; como é o caso de “DEPO 2030 A PROVINCIA DE PONTEVEDRA COA ENERXÍA COMUNITARIA, ALCANZABLE E LIMPA.*
 - *Tras a convocatoria e celebración das eleccións ao Parlamento de Galicia de 2024 o 18/02/2024, e o nomeamento de novos cargos na administración autonómica galega, tiveron que reestruturarse as atribucións en áreas e centros xestores da propia deputación o que supuxo un atraso nos traballos de planificación das contratacións administrativas necesarias para a execución do proxecto.*
- *En data 29/05/2024 e con rexistro de entrada na Deputación de Pontevedra número 2024009000, recíbese a autorización de ampliación do prazo de execución, da Subdirectora Xeral de Análises e Estratexia da Axenda 2030 na que acepta a ampliación de prazo solicitada por 6 meses, polo que o prazo de execución do proxecto subvencionado queda establecido dende o 9 de novembro de 2023 ata o 8 de maio de 2025.*
- *Esta ampliación de prazo non supón unha modificación da subvención concedida, nin modifica o proxecto subvencionado.*

II. FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA NORMATIVA EXAMINADA

- *Orde DSA/632/2022, do 23 de xuño, pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de subvencións destinadas a accións para o impulso da Axenda 2030 nas Entidades Locais (BOE núm. 161) e Resolución do 23 de marzo de 2022 da Secretaría de Estado para a Axenda 2030 pola que se convocan subvencións destinadas a accións para o impulso da Axenda 2030 nas Entidades Locais (BOE núm. 74).*
- *Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeneral de Subvencións (LGS), e o seu Regulamento aprobado por Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo (RLGS).*
- *Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local (LRBRL).*
- *Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais (TRLRHL).*



- *Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPACAP).*
- *Lei 9/2007, do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia (LSG).*
- *Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais (ROFRJEL).*
- *Bases de execución do orzamento da Deputación para o vixente exercicio.*

CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

Instrución do expediente

- *De conformidade co previsto 15.2 da Orde DSA/632/2022, as entidades beneficiarias poderán solicitar con carácter excepcional a modificación do contido da actuación subvencionada, así como da forma e prazos da súa execución e xustificación dos correspondentes gastos, cando aparezan circunstancias que alteren ou dificulten o desenvolvemento da actuación, que poderán ser autorizadas sempre que non poidan afectar os obxectivos ou finalidade perseguidos pola axuda, aos seus aspectos fundamentais nin danen dereitos de terceiros.*
- *De conformidade co artigo 64 Real do Decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións, unha vez recaída a resolución de concesión, o beneficiario poderá solicitar a modificación do seu contido, se concorren as circunstancias previstas a tales efectos nas bases reguladoras, tal como establece o artigo 17.3 l) da Lei, que se poderá autorizar sempre que non dane dereitos de terceiros. A solicitude deberá presentarse antes de que conclúa o prazo para a realización da actividade.*
- *Tendo en conta o artigo 32 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, no que se indica que a Administración, salvo precepto en contrario, poderá conceder de oficio ou a pedimento dos interesados, unha ampliación dos prazos establecidos, que non exceda da metade dos mesmos, se as circunstancias o aconsellan e con iso non se prexudican dereitos de terceiros. O acordo de ampliación deberá ser notificado aos interesados. Tanto a petición dos interesados como a decisión sobre a ampliación deberán producirse, en todo caso, antes do vencemento do prazo de que se trate.*
- *Segundo o artigo 34.1.f da lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, a competencia para a realización dos trámites de aceptación e a aprobación das condicións impostas na resolución de concesión de axudas correspóndelle á Presidencia, por tratarse dun gasto inferior ao 10% dos recursos ordinarios do orzamento, ou pola Xunta de Goberno.*
- *Segundo o artigo 36.1.d) da LRBRL polo que á Deputación compételle a cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social na planificación do territorio provincial de acordo coas competencias das demais administración*

Petición e evacuación de informes

- *Artigos 79 e 80 da LPACAP sobre a petición e a evacuación de informes.*
- *Artigos 88.6 da LPACAP, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á Resolución cando se incorporen ao texto da mesma.*
- *Artigo 172 do ROFRXEL, que dispón que o xefe da Dependencia á que corresponda tramitar o expediente deberá emitir un informe, expoñendo os antecedentes e as disposicións legais ou regulamentarias en que funde o seu criterio*
- *Artigos 213 e ss. do TRLRHL, sobre o control e a fiscalización da xestión económica que lle corresponde realizar á Intervención.*
- *Base 47ª e 48ª de execución do Orzamento provincial, sobre o control e a fiscalización da xestión económica, que sinala a competencia de Intervención para realizar esta función.*



- *Artigo 24 da Lei Xeral de Subvencións que establece que as actividades de instrución comprenderán, entre outras, a petición de cuantos informes estime necesarios para resolver ou que sexan esixidos polas normas que regulan a subvención.*

Resolución do expediente:

- *Segundo o artigo 5 da Orde DSA/632/2022, a presentación da solicitude e demais documentación que se determine na convocatoria deberá facerse unicamente mediante medios electrónicos a través da aplicación informática específica que se estableza na convocatoria.*
- *Segundo o artigo 2 da LXS, na definición de subvención vincula a disposición de diñeiro, entre outros requisitos, a que a entrega estea suxeita ao cumprimento dun determinado obxectivo, á execución dun proxecto, á realización dunha actividade, ou á adopción dun comportamento singular, xa realizados ou por desenvolver, debendo o beneficiario cumprir as obrigacións materiais e formais que se establecerán.*
- *No artigo 62 do RLXS, establécese que na resolución de concesión deberán quedar claramente identificados os compromisos asumidos polos beneficiarios.*
- *En virtude do establecido na base 16ª.2 das Bases de Execución do Orzamento provincial e de conformidade co disposto no artigo 35 da LRBRL, e no artigo 17 do RLXS, a competencia para resolver atribúese a Xunta de Goberno*

III. CONCLUSIONES:

En data 27/04/2023 preséntase no rexistro electrónico do Ministerio de Dereitos Sociais e Axenda 2030, o proxecto denominado “DEPO 2030 A PROVINCIA DE PONTEVEDRA COA ENERXÍA COMUNITARIA, ALCANZABLE E LIMPA, asinándolle o número de rexistro REGAGE23e00027150025.

- *Tras a súa avaliación, publícase no portal web do Ministerio de Dereitos Sociais e Axenda 2030 a Resolución de concesión dunha subvención á Deputación de Pontevedra, para a execución do proxecto denominado “DEPO 2030 A PROVINCIA DE PONTEVEDRA COA ENERXÍA COMUNITARIA, ALCANZABLE E LIMPA. . Proxecto de concienciación e sensibilización sobre os ODS e de activación cidadá en relación ao ODS 7 e as Comunidades Locais de Enerxía”, por importe de 249.500,00 € sendo o total do orzamento os 426.000,00 €.*
- *A Xunta de Goberno da Deputación Provincial na súa sesión ordinaria do día 21 de maio de 2024, adoptou, entre outros o acordo núm.: 31.33819 de modificación do prazo de execución das actuacións obxecto de axuda do proxecto denominado “DEPO 2030 a provincia de Pontevedra coa enerxía comunitaria, alcanzable e limpa. Proxecto de concienciación e sensibilización sobre os ODS e de activación cidadá en relación ao ODS 7 e as comunidades locais de enerxía” (Expte. 2023030813).*
- *Con data 27/05/2024 e con número de rexistro 2024000256, ao amparo do artigo 15.2 da Orde DSA/632/2022, de 23 de xuño, a Deputación de Pontevedra solicita ante o Ministerio de Dereitos Sociais e Axenda 2030 a modificación do prazo de execución das actuacións obxecto da axuda. debido as dificultades presentadas para conformar o equipo de apoio ante os inconvenientes na conformación dos tribunais de selección. Ademais, trala convocatoria e celebración das eleccións ao Parlamento de Galicia de 2024 o 18/02/2024, e o nomeamento de novos cargos na administración autonómica galega, tiveron que reestruturarse as atribucións en áreas e centros xestores da propia deputación o que supuxo un atraso nos traballos de planificación das contratacións administrativas necesarias para a execución do proxecto.*
- *En data 29/05/2024 e con rexistro de entrada na Deputación de Pontevedra número 2024009000, recíbese a autorización de ampliación do prazo de execución da Subdirectora Xeral de Análises e Estratexia da Axenda 2030 na que acepta a ampliación de prazo solicitada por 6 meses, polo que o prazo de execución do proxecto subvencionado queda establecido dende o 9 de novembro de 2023 ata o 8 de maio de 2025*



Examinados os antecedentes e a motivación legal exposta, para o proxecto “DEPO 2030 A PROVINCIA DE PONTEVEDRA COA ENERXÍA COMUNITARIA, ALCANZABLE E LIMPA. PROXECTO DE CONCIENCIACIÓN E SENSIBILIZACIÓN SOBRE OS ODS E DE ACTIVACIÓN CIDADÁ EN RELACIÓN AO ODS 7 E AS COMUNIDADES LOCAIS DE ENERXÍA” é necesario realizar a aceptación por parte da Deputación de Pontevedra da autorización de ampliación do prazo de execución do proxecto da Subdirectora Xeral de Análises e Estratexia da Axenda 2030, na que resolve autorizar a ampliación do prazo de execución do proxecto por 6 meses, polo que o prazo de execución do proxecto subvencionado queda establecido dende o 9 de novembro de 2023 ata o 8 de maio de 2025.

Por todo o exposto, e á vista dos antecedentes e fundamentos de dereitos aplicables, INFORMO FAVORABLEMENTE a tramitación deste expediente e PROPOÑO a ACEPTACIÓN DA MODIFICACION DO PRAZO DE EXECUCIÓN DAS ACTUACIÓNS OBXECTO DE AXUDA DO PROXECTO DENOMINADO “DEPO 2030 A PROVINCIA DE PONTEVEDRA COA ENERXÍA COMUNITARIA, ALCANZABLE E LIMPA. PROXECTO DE CONCIENCIACIÓN E SENSIBILIZACIÓN SOBRE OS ODS E DE ACTIVACIÓN CIDADÁ EN RELACIÓN AO ODS 7 E AS COMUNIDADES LOCAIS DE ENERXÍA”.

IV. Réxime competencial

En virtude do establecido na base 16^a.2 das Bases de Execución do Orzamento provincial e de conformidade co disposto no artigo 35 da LRBRL, e no artigo 17 do RLXS, a competencia para resolver atribúeselle á Xunta de Goberno.

Este informe non ten carácter vinculante, de feito que o órgano competente co seu superior criterio decidirá.

En Pontevedra, na data da sinatura electrónica.

A xefa do servizo de Cooperación

Marina Piñeiro Novo”

A teor de todo o sinalado, no exercicio das competencias que atribúe o artigo 35 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, o artigo 63 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais e as bases específicas de execución do orzamento para o vixente exercicio, e vistos os informes da Xefa do Servizo de Cooperación de data 06/06/2024, e da Intervención Provincial de data 10/05/2024, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- A aceptación da modificación do prazo máximo de (12) meses, contados a partir da data que expire o prazo máximo outorgado para a execución do proxecto denominado “DEPO 2030 a provincia de Pontevedra coa enerxía comunitaria, alcanzable e limpa. Proxecto de concienciación e sensibilización sobre os ODS e de activación cidadá en relación ao ODS 7 e as comunidades locais de enerxía”, segundo se regula no artigo 15.2 da Orde DSA/632/2022, de 23 de xuño, cuxo vencemento é o 08/11/2024, en (6) seis meses, ampliándose deste xeito o prazo máximo para a execución do proxecto ao 08/05/2025.
- Darlle traslado do presente acordo ao *Ministerio de Dereitos Sociais e Axenda 2030*, á Intervención, ó Servizo de Cooperación e ó Gabinete da Presidencia.



19.33922.- ADXUDICACIÓN DAS ACCIÓNS FORMATIVAS ÁS ENTIDADES BENEFICIARIAS DO PROGRAMA “+XUNTAS” ANO 2024. (Expte.2023075714)

En todo caso, os gastos que se deriven do presente contrato para o ano 2025 quedarán condicionados á existencia de crédito axeitado e suficiente na correspondente aplicación orzamentaria así como á aprobación do respectivo orzamento provincial.

O cadro de financiación previsto para este contrato poderá sufrir variacións en función da data na que se formalice e inicie o contrato.

Forma de pagamento: PARCIAL

O pago a empresa adjudicataria realizarase contra as facturas emitidas mensualmente, unha vez conformadas pola xefatura do servizo da Estación Fitopatolóxica Areiro. O cálculo do importe a facturar, farase de forma unitaria por visita realizada.

En todo caso, con cada factura a empresa deberá presentar un informe xustificativo dos traballos realizados.

O prezo aboarase dentro dos trinta días seguintes á data de aprobación dos documentos que acrediten a conformidade dos servizos prestados co disposto no contrato, nos termos establecidos nos artigos 198.4 e 210.4 da LCSP.

Lugar de presentación e forma da factura: As facturas deberán presentarse pola adjudicataria ou adjudicatario en formato electrónico a través do Punto Xeral de Entrada de Facturas Electrónicas da Administración Xeral do Estado FACE, ao que pode accederse desde a Sede Electrónica da Deputación de Pontevedra (sede.depo.es), en tempo e forma, para os efectos de que o órgano competente proceda á súa tramitación (máis información en <https://sede.depo.es>).

Nas facturas deberase indicar os código DIR 3 que identifican o procedemento, o CIF e número de expediente que se relacionan a continuación:

Administración:	L02000036 (CIF: P3600000H)		Núm. de exp.:	2024002218	
Órgano xestor:	LA0006121	Unidade tramitadora:	LA0006135	Oficina contable:	LA0006135



Se, xunto coa factura, a ou o adxudicatario ten que presentar outros documentos xustificativos do traballo realizado, farao achegando os documentos xustificativos a través do sistema de facturación da Deputación de Pontevedra.

Responsable do contrato: Dra. Carmen Salinero Corral, Xefa do Servizo da Estación Fitopatolóxica do Areiro.

Deberá por en coñecemento do servizo de prevención de Riscos Laborais aos efectos da coordinación en materia de seguridade e saúde.

3.- A empresa adxudicataria deberá formalizar o contrato en documento administrativo, que se porá a súa disposición na sede electrónica da Deputación de Pontevedra unha vez transcorrido o prazo de quince días hábiles, contados desde que se remita a notificación deste acordo ás empresas licitadoras.

Os servizos dependentes do órgano de Contratación requiriranlle á empresa seleccionada para que formalice o contrato nun prazo non superior a cinco días contando desde o seguinte a aquel en que recibise o requirimento, unha vez transcorrido o prazo previsto no parágrafo anterior sen que se interpuxese recurso que comporte a suspensión da formalización do contrato. De igual forma procederán cando o órgano competente para a resolución do recurso levantase a suspensión.

22.33925- APROBACIÓN DE REAXUSTE NO FINANCIAMENTO DO CONTRATO RELATIVO AO “SERVIZO DE COPIA DE SEGURIDADE NA NUBE PARA A DEPUTACIÓN”. (Expte.2023037975)

A Xunta de Goberno, en sesión celebrada o día 1 de marzo de 2024, acordou adxudicar á empresa EDNON S.L. (CIF B-36938009), o contrato relativo á prestación do “*Servizo de copia de seguridade na nube*” (Expte.2023037975), por dous anos de duración e un importe máximo de 743.424,00 € IVE incluído, autorizando a financiación das obrigas derivadas do contrato con cargo as seguintes aplicacións orzamentarias:

Anualidade	Aplicación Orzamentaria	Importe Total (co IVE)
2024 (9 meses)	926.9260.227.23	278.784,00 €
2025	926.9260.227.23	371.712,00 €
2026 (3 meses)	926.9260.227.23	92.928,00 €
	TOTAL	743.424,00 €



Nese mesmo acordo, tamén se contemplou que “a financiación poderá sufrir variacións en función da data na que se formalice o contrato”.

En data 1 de abril de 2024, formalizouse o contrato por un período de dous anos, con efectos 1 de abril de 2024 ao 31 de marzo de 2026, establecéndose a maiores os seguintes prazos parciais:

- A subministración do equipamento e posta en marcha realizarase no prazo máximo de dous meses dende a data de formalización do contrato.
- O servizo de mantemento comezará a prestarse dende a data de recepción da subministración, e ata completarse os dous anos dende a data de formalización do contrato.

Dado que a acta de recepción do contrato foi asinada, en data 15 de maio de 2024, e que o servizo de mantemento empeza a prestarse dende esa data e ata completarse os dous anos do contrato, e dicir, ata o 31 de marzo de 2026, compre o reaxuste da financiación do contrato para período do 2024 (15/05 ao 31/12), de acordo co seguinte detalle:

Anualidade	Aplicación Orzamentaria	Importe Total
2024 (7,5 meses)	24/926.9260.227.23	232.320,00 €
2025	25/926.9260.227.23	371.712,00 €
2026 (3 meses)	25/926.9260.227.23	92.928,00 €
	TOTAL	696.960,00 €

Considerando que a Disposición adicional segunda da Lei 9/2017, de 8 de novembro de Contratos do Sector Público, no seu apartado 1, faculta á Ilmo. Presidente para actuar coma órgano de contratación respecto a este contrato, e tendo en conta o disposto no artigo 185 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais e o establecido nas bases de execución do orzamento provincial, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

1.- Aprobar a redistribución dos importes de financiamento do contrato para a prestación do “Servizo de copia de seguridade na nube para a Deputación de Pontevedra” sendo esta a seguinte:

Anualidade	Aplicación Orzamentaria	Importe Total
2024 (7,5 meses)	24/926.9260.227.23	232.320,00 €
2025	25/926.9260.227.23	371.712,00 €
2026 (3 meses)	25/926.9260.227.23	92.928,00 €
	TOTAL	696.960,00 €

Os importes correspondentes aos anos 2025 e 2026 condicionados á aprobación dos respectivos orzamentos e á existencia de crédito axeitado e suficiente, nos mesmos.



23.33926- APROBACIÓN DA AMPLIACIÓN DA DURACIÓN DO PROXECTO ERASMUS+ 2023 (CONVENIO DE SUBVENCIÓN CO SEPIE 2023-1-ES01-KA121-VET-000131347). (Expte. 2023003512)

A Xunta de Goberno, na súa sesión ordinaria do día 11 de agosto de 2023, adoptou, entre outros, o acordo “2.32891.- *Aprobación e xeración de crédito do proxecto presentado pola Deputación de Pontevedra na convocatoria de propostas 2023 do programa Erasmus+*” (Expte. 2023003512). A través deste acordo aceptouse o proxecto, o financiamento e a súa realización de acordo cos prazos e criterios que se recollen na convocatoria pública do programa ERASMUS+.

Con data 24 de agosto de 2023 a Deputación asinou co SEPIE o convenio a través do cal se acepta a subvención concedida e se asume o compromiso de executar o proxecto nos termos e condicións establecidas.

O citado proxecto ten as seguintes características:

Obxectivo global: levar a cabo un programa de mobilidade de estudantes recentemente titulados de ciclos medios de Formación Profesional, Formación Profesional Básica e cursos que conduzan á obtención de Certificados de Profesionalidade dos niveis I, II e III pertencentes a distintas familias profesionais co fin de colaborar na súa integración no mundo laboral a través de prácticas laborais en empresas e institucións estranxeiras.

Número de participantes: 90 mobilidades de longa duración de estudantes de FP (*ErasmusPro*), 10 mobilidades de aprendizaxe por observación de docentes e persoal non docente que traballe en educación e formación profesional e 1 visita preparatoria.

Duración e prazo de desenvolvemento do proxecto: 15 meses (dende o 1 de xuño de 2023 ata o 31 de agosto de 2024). Con todo, ao cabo de 12 meses, todos os beneficiarios de proxectos acreditados terán a posibilidade de ampliar o seu proxecto ata unha duración total de 24 meses, tal e como recolle a Guía do Programa Erasmus+.

Ámbito de actuación do proxecto: Alemaña, Bélxica, Finlandia, Francia, Grecia, Irlanda, Italia, Islandia, Malta, Países Baixos, Polonia, Portugal, Romanía ou calquera noutro país do programa Erasmus+.

O prazo establecido para levar a cabo este proxecto é de 15 meses, dende o 1 de xuño de 2023 ata ao 31 de agosto de 2024. Ao cabo de 12 meses, todos os beneficiarios teñen a posibilidade de ampliar os seus proxectos ata unha duración total de 24 meses. Isto establécese na Guía do Programa ERASMUS+ (ERASMUS+ Programme Guide), que forma parte integrante da Convocatoria de Propostas 2023 do Programa ERASMUS+. Atendendo a esta posibilidade, a Deputación de Pontevedra pretende solicitar a ampliación da duración do proxecto a 24 meses facendo uso do dereito inherente a todos os beneficiarios.



Con data 31 de maio de 2024 emitiuse informe-proposta asinado polo xefe do Servizo de Promoción de Emprego e Desenvolvemento Local no que se solicitaba a sinatura da solicitude de ampliación da duración do proxecto Erasmus+2023 por parte do presidente da Deputación para a súa presentación ante o SEPIE.

Dita solicitude foi aprobada polo SEPIE segundo a notificación recibida de data 6 de xuño de 2024, na que se sinala que se modifica a duración do proxecto de 15 a 24 meses, establecéndose como data de finalización o 31 de maio de 2025.

Con data 11 de xuño de 2024 emítese dilixencia de Intervención manifestando que dita ampliación non está suxeita a fiscalización previa o non ter contido económico, tal como recolle o artigo 8.2 do Real Decreto 424/2014, de 28 de abril, polo que se regula o réxime xurídico do control interno nas entidades do Sector Público Local.

Estas axudas axustaranse ao previsto nas Bases reguladoras da concesión da subvención: *Convocatoria de propostas 2023 do programa Erasmus+ (EAC/A10/2022)*, así como ao disposto na Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento desta Lei, e as Bases número 16 e 24 e seguintes das de execución do orzamento da Deputación Provincial de Pontevedra para o ano 2024.

A concesión destas axudas corresponde á Xunta de Goberno en virtude das facultades que lle atribúe as bases de execución do vixente orzamento.

En consecuencia, visto o que antecede e a normativa de pertinente aplicación, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- Aprobación a ampliación da duración do proxecto ERASMUS+ 2023 (*Convenio de subvención co SEPIE 2023-1-ES01-KA121-VET-000131347*) de 15 a 24 meses, establecéndose como data de finalización o 31 de maio de 2025, de conformidade coa solicitude aprobada polo SEPIE.

24.33927- RECOÑECIMENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITOS (Exptes. 2024038229 e 2024041125)

a) Vista a relación de facturas con número 2024038229, que contén 22 facturas e por un importe de 60.434,45 € e con CSV: Y3KWDDCM1HSAOS9E, e visto o informe que formula a Intervención desta Deputación, de data 03/06/2024, e os xefes de servizo ou responsables dos centros Xestores no que se pon de manifesto que os gastos se fixeron con vicios de procedemento que implican a nulidade das obrigas, e que necesitan a súa aprobación polo sistema de recoñecemento extraxudicial de créditos, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade aprobar:

A relación de expedientes de referencia coa seguinte estrutura económica:

Importe total.....	60.434,45€
Descontos do IRPF.....	0,00 €
Descontos do IVE soportado deducible.....	0,00 €
Descontos do honorarios técnicos externos.....	0,00 €
Outros descontos.....	0,00 €
Total líquido.....	60.434,45€



b) Vista a relación de facturas con número 2024041125, que contén 1 factura e por un importe de 2.040,00€, e con CSV: 8POUS0LPN44EHKVM, e visto o informe que formula a Intervención desta Deputación, de data 07/06/2024, e o/os xefe/s de servizo ou responsables dos centros Xestores, no que se pon de manifesto que os gastos se fixeron en *exercicios pechados*, e que necesitan a súa aprobación polo sistema de *recoñecemento extraxudicial de créditos*, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade aprobar:

A relación de expedientes de referencia coa seguinte estrutura económica:

Importe total	2.400,00€
Descontos do IRPF.....	360,00€
Descontos do IVE soportado deducible	0,00 €
Descontos do honorarios técnicos externos	0,00 €
Outros descontos	0,00 €
Total líquido	2.040,00€

25.33928- INADMISIÓN DE SOLICITUDE DE INDEMNIZACIÓN POR RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL FORMULADA POR DANOS EN VEHÍCULO NO CONCELLO DE O ROSAL. (Expte. 2023068650)

Dada conta que con data 08/11/2023 (núm. rex. 2023021499) recibíuse nesta Deputación instancia en solicitude de indemnización por responsabilidade patrimonial subscrita por D. José Ramón Estévez Sobrino, por danos na roda do seu vehículo, producidos o día 02/11/2023, a consecuencia dunha arqueta sen sinalizar e con esquinas cortantes nunha obra que se estaba a realizar á altura do nº 137 da Estrada de Eiras, no Concello de O Rosal, e que cuantificou economicamente en 81,11 €.

Resultando.- Que con data 21/11/2023, e con fundamento nos artigos 79, 80 e 81.1 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas e 172.2, último inciso, do R.d. 2568/86, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento y Réxime Xurídico das Entidades Locais, solicitouse informe ó Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais da Deputación, o cal foi emitido na data 18/12/2023, co seguinte contido literal:

- a) *A estrada na que se producen os feitos e a EP-3303 Tabagón – Goián, de titularidade provincial.*
- b) *Non se recibiu ningunha incidencia neste servizo referente a dita estrada nas datas dos feitos.*
- c) *Dende o 20/06/2023 está en execución a obra de “Mellora da mobilidade peonil na EP-3303 Tabagón - Goián, dende o PQ 1+795 ata o PQ 3+600. Treito II (Concello de O Rosal)”, adxudicada a empresa EXCAVACIONES Y CONSTRUCCIONES MANUEL PÉREZ PORTELA S.L., e con prazo de execución de 10 meses.*



- d) *Dita obra está debidamente sinalizada conforme os criterios de seguridade e saúde e leva un control da mesma por parte da empresa ATENEA SEGURIDAD Y MEDIO AMBIENTE S.A.. As arquetas referidas teñen a debida sinalización, tal e como se aprecia na fotografía seguinte.*



Francisco Rosendo Alonso Fernández
*Xefe dos Servizos Técnicos de Infraestruturas e Vías Provinciais*_____

Resultando.- Que, á vista do recollido no informe de Infraestruturas e Vías Provinciais, con data 22/01/2024, e con fundamento no artigo 4.1, apartados b) e c) da Lei 39/2015, e 76.1 da mesma Lei, emprazouse como interesada no procedemento á empresa Atenea Seguridad y Medio Ambiente, S.A., para que no prazo de dez días puidera comparecer como interesada e realizar as alegacións que tivera por convenientes, contestando D. Miguel Ángel Docampo Álvarez, a medio de correo electrónico, remitido á Asesoría Xurídica desta Deputación, o día 26/01/2024, o seguinte:

“Como coordinador de seguridade y salud de la obra “Mellora da Mobilidade peonil na E.P. 3003 Tabagón-Goián, dende o p.q. 1+795 ata o p.q. 3+600. Treito II. O Rosal”, quisiera indicar, al igual que como se menciona en el expediente enviado, que la obra se encuentra con la señalización correspondiente de que se están ejecutando obras y que la arqueta que se menciona en este informe dispone de señalización/delimitación para indicar su presencia”.

Resultando.- Que con datas 22/01/2024 e 23/02/2024, e con fundamento no artigo 4.1, apartados b) e c) da Lei 39/2015, e 76.1 da mesma Lei, emprazouse como interesada no procedemento á empresa Excavaciones y Construcciones Manuel Pérez Portela, S.L., para que no prazo de dez días puidera comparecer como interesada e realizar as alegacións que tivera por convenientes, remitindo escrito, na data 23/02/2024, co seguinte contido:

D. Antonio Pérez Pérez actuando en nome e representación da empresa Excavaciones y Construcciones Manuel Pérez Portela, S.L., con domicilio en Pancenteno N° 39, 36770 O Rosal.

Comunica, que con data 23/02/2024 recibimos notificación de “Reiteración de emprazamento como interesado e alegacións” para comparecer como interesados e facer as alegacións polo expediente de responsabilidade patrimonial que se está a tramitar na Deputación por danos en vehículo producidos a consecuencia dunha arqueta sen sinalizar e con esquinas cortantes á altura do n°147 da Estrada de Eiras, no Concello de O Rosal.



Que esta comunicación tamén foi recibida o 22/01/2024 na que se incluía un informe do director da obra, D. Francisco Rosendo Alonso Fernández onde informaba do seguinte:

- a) A estrada na que se producen os feitos e a EP-3303 Tabagón-Goián, de titularidade provincial.*
- b) Non se recibiu ningunha incidencia neste servizo referente a dita estrada nas datas dos feitos.*
- c) Dende o 20/06/2023 está en execución a obra de “Mellora da mobilidade peonil na EP-3303 Tabagón-Goián, dende o PQ 1+795 ata o PQ 3+600. Treito II (Concello de O Rosal)”, adxudicada a empresa EXCAVACIONES Y CONSTRUCCIONES MANUEL PÉREZ PORTELA, S.L., e con prazo de execución de 10 meses.*
- d) Dita obra está debidamente sinalizada conforme os criterios de seguridade e saúde e leva un control da mesma por parte da empresa ATENEA SEGURIDAD Y MEDIO AMBIENTE, S.A.. As arquetas referidas teñen a debida sinalización, tal e como se aprecia na fotografía.*

Polo tanto, DECLARO: Que a empresa EXCAVACIONES Y CONSTRUCCIONES MANUEL PÉREZ PORTELA, S.L. con CIF B36.239.861 non presentou nin vai a presentar ningún tipo de alegación ó respecto porque estamos dacordo co que se dice no informe presentado por D. Francisco Rosendo Alonso Fernández e polo tanto non temos nada máis engadir ao mesmo, pois a obra está debidamente sinalizada dende o inicio da mesma e controlada pola empresa de seguridade e saúde mencionada anteriormente.

Considerando.- Que no presente procedemento seguiuise o cauce legal descrito nos artigos 65, 67, 81 e 91 da Lei 39/2015 e na Sección 1ª do Título IV, da Lei 40/2015, referida á responsabilidade patrimonial das Administracións Públicas, así como o relativo ó procedemento administrativo xeral.

Considerando.- Que a instancia se presenta cumprimentando os requisitos de lexitimación activa e pasiva e temporalidade, descritos nos artigos 67, en relación co 66, 3 e 4.1, letra a), da Lei 39/2015.

Considerando.- Que no informe do Servizo de Infraestruturas de data 18/12/2023, recóllese que non se recibiu ningunha incidencia referente a dita estrada nas datas dos feitos, estando a obra debidamente sinalizada conforme ós criterios de seguridade e saúde, levándose un control da mesma por parte da empresa Atenea Seguridad y Medio Ambiente.

Considerando.- Que tanto a empresa construtora como o coordinador de seguridade e saúde da obra, manifestan que se atopaba coa sinalización correspondente de que se estaban a executar obras e que a arqueta que se menciona dispoñía da sinalización/delimitación para indicar a súa presenza.



Considerando.- Que xunto coa instancia, aporta o reclamante as seguintes fotografías do lugar nas que se observa claramente que a citada arqueta se atopaba perfectamente delimitada e sinalizada con cinta de balizamento da empresa que estaba a realizar a obra:



Considerando.- Que as Administracións Públicas réxense en materia de responsabilidade patrimonial polos artigos 106.2 da Constitución Española, 32 e seguintes da Lei 40/2015, 54 da Lei 7/85 e 223 do R.d. 2568/86.

Considerando.- Que o presente acordo cumprirenta o establecido no artigo 88.1 da Lei 39/2015 referido á inadmisión argumentada da reclamación.



Considerando.- Que o apartado 5 do artigo 88 da Lei 39/2015 establece que *“En ningún caso podrá la Administración abstenerse de resolver so pretexto de silencio, oscuridad o insuficiencia de los preceptos legales aplicables al caso, aunque PODRÁ RESOLVER LA INADMISIÓN DE LAS SOLICITUDES (...) MANIFIESTAMENTE CARENTES DE FUNDAMENTO”*.

A Xunta de Goberno acorda por unanimidade inadmitir a trámite dita solicitude de indemnización.



26.33929- INADMISIÓN DE SOLICITUDE DE INDEMNIZACIÓN POR RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL FORMULADA POR DANOS EN VEHÍCULO NO CONCELLO DE PONTE CALDELAS. (Expte. 2023074328)

Dada conta que con data 11/12/2023 (núm. rex. 2023023306), recibíuse nesta Deputación instancia en solicitude de indemnización por responsabilidade patrimonial subscrita por D. Roberto Carlos López García, por danos na roda do seu vehículo producidos a consecuencia dos restos dun sinal na estrada PO-204 - PO-255, no Concello de Ponte Caldelas, o día 10/12/2023, e que foi cuantificada economicamente en 139,15 €.

Resultando.- Que con data 05/04/2024, e con fundamento nos artigos 79, 80 e 81.1 da Lei 39/2015, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, e 172.2, último inciso, do R.d. 2568/86, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, solicitouse informe ó Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais da Deputación, o cal foi emitido na data 31/05/2024, co seguinte contido literal:

PRIMEIRO.- A través dos datos facilitados no expediente o lugar do accidente pertence a un camiño municipal fóra da estrada provincial.





Documentación Exp. EXP_DOC_2023074328_2024-05-31-12-17-40



INFORME VISITA DE INSPECCIÓN

(Folios 1 de 1)

VIXIANTE: **JOSE CARBALLA BALBOA**

SOLICITANTE:	Roberto Carlos Lopez Garcia		
ESTRADA:	EP-0204 PO.255 - Miron		
CONCELLO:	Puente Caldelas	PQ:	0+745
		MARXE:	Derecho
Codigo registro	2023023306		
Codigo de expediente:	2023074328		
INFORME DA OBRA			
<p><i>El solicitante pide que diputación pague la reparación de la rueda de su vehículo El solicitante pido los restos de una señal vertical y rebento la rueda del coche El solicitante pide que se le pague la repartacion de la rueda porque el ayuntamiento de puente caldelas le informo al solicitante que los restos de la señal son de diputación de Pontevedra</i></p> <p><i>Los restos de la señal son, y están, de una carretera municipal, en este punto había una señal vertical de Stop " EN CARRETERA MUNICIPAL"</i></p>			

Por tanto o lugar onde aconteceu o sinistro non é de titularidade provincial.

María Belén Pampín Camino

Enxeñeiro

Considerando.- Que a instancia se presenta cumprimentando os requisitos de capacidade, lexitimación activa e temporalidade (sen ter transcorrido o prazo prescrición), descritos nos artigos 67 (en relación co 66), 3 e 4.1, letra a), da Lei 39/2015.

Considerando.- Que o teor do citado informe impide entrar sequera a valorar as circunstancias concorrentes no sinistro en cuestión, por canto non pode constituírse validamente a relación procedimental ó non resultar a Deputación Provincial pasivamente lexitimada para interpoñer perante dela ningunha reclamación que non se relacione directamente coa súa titularidade demanial.



Considerando.- Que as Administracións Públicas réxense en materia de responsabilidade patrimonial polos artigos 106.2 da Constitución Española, 32 e seguintes da Lei 40/2015, 54 da Lei 7/85 e 223 do R.d. 2568/86.

Considerando.- Que en ningún caso pode esta Deputación Provincial facerse responsable de danos producidos en infraestruturas que non sexan da súa titularidade.

Considerando.- Que o presente acordo cumpřimenta o establecido no artigo 88.1 da Lei 39/2015 referido á inadmisión argumentada da reclamación.

Considerando.- Que, asemade, o apartado 5 do artigo 88 da Lei 39/2015 establece que *“En ningún caso podrá la Administración abstenerse de resolver so pretexto de silencio, oscuridad o insuficiencia de los preceptos legales aplicables al caso, aunque PODRÁ RESOLVER LA INADMISIÓN DE LAS SOLICITUDES (...) MANIFIESTAMENTE CARENTES DE FUNDAMENTO”*.

Considerando.- Os preceptos invocados e demais de xenérica e pertinente aplicación.

A Xunta de Goberno acorda por unanimidade inadmitir a trámite dita solicitude de indemnización.

27.33930- AUTORIZACIÓN DO COMPROMISO DO GASTO E O RECOÑECIMENTO EXTRAJUDICIAL DA CERTIFICACIÓN FINAL DA OBRA “MELLORA DA SEGURIDADE VIARIA E MOBILIDADE PEONIL NA EP 6005 PRADO-BODAÑO, DO PQ 0+000 AO PQ 0+573 (CONCELLO DE LALÍN)”. (Expte.2022045201)

Resultando.- Que a Xunta de Goberno desta Deputación Provincial, na súa sesión ordinaria do día 9/12/2022 acordou adxudicar a empresa “Narom, SL” (NIF B36163418) o procedemento aberto simplificado convocado para a contratación da obra “Mellora da seguridade viaria e mobilidade peonil na EP 6005 Prado-Bodaño, do PQ 0+000 ao PQ 0+573 (Concello de Lalín)”, por un importe de 301.939,20 € (IVE incluído) e un prazo de execución de seis (6) meses.

Resultando.- Que con data 12/01/2023 formalízase a acta de comprobación de replanteo, establecendo como data para finalizar a obra o día 12/07/2023.

Resultando.- Que a Xunta de Goberno na súa sesión ordinaria celebrada o día 30/06/2023 acordou aprobar o proxecto modificado da obra “Mellora da seguridade viaria e mobilidade peonil na EP 6005 Prado-Bodaño, do PQ 0+000 ao PQ 0+573 (Concello de Lalín)”, establecendo como data para finalizar as obras o día 20/09/2023.



Resultando.- Que con data 20/09/2023 tivo entrada a través do Rexistro electrónico da Deputación (REX_WEB2023054310), un escrito do contratista solicitando unha ampliación de prazo na execución da obra de cincuenta (50) días, debido a que o retraso na terminación da obra susténtase na demora por parte da compañía eléctrica UFD en realizar o retranqueo (mediante o soterramento pola nova senda) da liña eléctrica que discorre entre o PQ 0+060 ao PQ 0+160 md. A simple valoración, resulta entendible que non resulta posible formigonar a senda peonil prevista nese tramo, mentres a referida compañía eléctrica non instale as súas canalizacións e retire os apoios de formigón existentes.

Resultando.- Que consta no expediente informe do director de obra (CSV) W0TRJSB98LF0VIXN no que se recolle que a dirección facultativa considera que as causas de demora que alega o contratista non son imputables a el. A máis recolle que aínda que dende o Servizo de Infraestruturas se seguen realizando as xestións para axilizar o soterramento da liña eléctrica por parte de Fenosa, as datas en que finalmente se execute o mesmo se descoñecen e non dependen da Deputación de Pontevedra. Polo tanto, para poder rematar a obra en prazo e non depender de terceiros, é preciso formigonar a senda na zona dos 4 apoios afectados por panos, procedendo para ilo a desprazar de maneira sucesiva os 4 apoios provisionalmente cara o pano xa formigonado na fase previa. Tendo en conta os antecedentes, considérase que o tempo perdido por causas non imputables ao contratista é de 1 mes.

Resultando.- Que consta no expediente informe conxunto emitido polo Xefe de Servizo de Contratación, o Secretario da Deputación e o Interventor (CSV) NQPHWXYTL6J1Y7Y1 no que se recolle que en atención o informe do/a responsable do contrato, infórmase favorablemente, autorizando a ampliación do prazo de execución en un (1) mes sendo a data de finalización deste contrato o 20/10/2023.

Resultando.- Que a Xunta de Goberno na súa sesión ordinaria celebrada o día 06/10/2023 acordou conceder á empresa “NAROM, SL” unha ampliación de prazo de un (1) mes, na execución do contrato de obras “Mellora da seguridade viaria e mobilidade peonil na EP 6005 Prado-Bodaño, do PQ 0+000 ao PQ 0+573 (Concello de Lalín)”, establecendo como data para finalizar a obra o día 20/10/2023, a partires da cal, de non estar terminada se lle aplicarán ao contratista automaticamente as penalidades previstas.

Resultando.- Que o 14 de marzo de 2024 firmouse a acta de recepción favorable da obra (CSV: PTN1SWHSUU6BT0CF).

Resultando.- Que o director da obra emitiu un informe xustificativo da liquidación da obra en data 3 de xuño de 2024 (CSV: WZZB14TIGDQ1L4F3) xunto cun informe complementario de data 5 de xuño de 2024 (CSV: 9J528TMJ59JLSZ2I).

Resultando.- Que remitida ao servizo de Intervención a solicitude de fiscalización da certificación FINAL, este devólvea informada o día 5 de xuño do 2024, concluíndo que “Vistos os defectos sinalados, e dado que as unidades de obra que se certifican xa se executaron, procedería a aprobación desta seguindo o procedemento extraordinario de recoñecemento extraxudicial de crédito”. Así mesmo, fai constar nel que *“Apréciase unha demora importante na expedición da certificación, xa que non cumpriu o prazo dos 10 días seguintes ao mes que corresponde (art. 240 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público)”*.



Considerando que por disposición adicional segunda da Lei 9/2017, de 8 de novembro de contratos do sector público, no seu apartado 1, faculta a Ilmo. Presidente para actuar como órgano de contratación respecto deste contrato, e tendo en cota o disposto no artigo 185.1 e 3 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora de facendas locais e o establecido nas bases de execución do presuposto do exercicio 2024, concretamente na base 17.1, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

Único.- Autorizar o compromiso de gasto e o recoñecemento extraxudicial das seguinte obriga:

- Certificación FINAL da obra “*Mellora da seguridade viaria e mobilidade peonil na EP 6005 Prado-Bodaño, do PQ 0+000 ao PQ 0+573 (Concello de Lalín)*”, debendo librarse os seus importes con cargo á aplicación que se cita e co seguinte detalle:

EMPRESA	Aplicación orzamentaria	Certificación Núm.	Importe
NAROM, SL (NIF B36163418)	24/456-4530-612.02.2021	FINAL	20.149,92 €
	SUBTOTAL		20.149,92 €
	Taxa dirección de obra (4% PEM adx.)		559,76 €
	Control de calidade (3% PEM licit.)		450,06 €
	Total descontos		1.009,82 €
	TOTAL LÍQUIDO A PERCIBIR		19.140,10 €

28.33931- MODIFICACIÓN DO ACORDO ADOPTADO NA XUNTA DE GOBERNO DE DATA 29 DE DECEMBRO DE 2023 (Nº14.33333), EN RELACIÓN Á “CONCESIÓN DE SUBVENCIONS AO CONCELLO DE BAIONA PARA A REDACCIÓN DE PROXECTOS DE RECUPERACIÓN DE ESPAZOS PÚBLICOS E CREACIÓN DE SENDAS PEONÍS E/OU CICLABLES NOS CONCELLOS DA REDE ÁGORA” (Exptes. 2023006415 e 2023006418)

Visto o informe xurídico-proposta de resolución da Xefa do Servizo de Infraestructuras e Vías provinciais, co seguinte teor literal:

“Primeiro.- A Xunta de Goberno na súa sesión de data 13 de maio de 2022 acordou a aprobación das Bases Reguladoras para a convocatoria de subvencións para a redacción de proxectos de recuperación de espazos públicos e creación de sendas peonís e/ou ciclables nos concellos da Rede Ágora, que foron publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO) número 96, de data 20 de maio de 2022. Este plan elaborase para dar cumprimento ao mandato contido no artigo 36.2 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, e colaborar cos concellos na recuperación do espazo público en favor das persoas.”



Segundo.- A Xunta de Goberno na súa sesión de data 29 de decembro de 2023 adxudicoulle ao Concello de Baiona catro (4) subvencións por un importe máximo subvencionable global de 45.000,00 €. Esta subvención financiarase, de acordo coa base terceira da convocatoria, con cargo ás aplicacións orzamentarias 24/456.9420.762.10/2023 e 24/456.9420.762.10/2022.

Terceiro.- En data 13 de marzo de 2024 o Concello de Baiona remite solicitude para modificar o ámbito do proxecto, xunto co resto de documentación administrativa e técnica requirida nas bases reguladoras da subvención. Esta documentación foi completada o 24 de abril de 2024 tralo requirimento realizado pola Deputación de Pontevedra para que completase a documentación que permitise realizar unha correcta avaliación.

Cuarto.- En data 24 de abril de 2024 os servizos técnicos da Deputación de Pontevedra emiten informe de validación técnica favorable dos ámbitos propostos e dos parámetros técnicos respecto das bases. No informe o arquitecto da área de Espazo Público e Mobilidade indica, literalmente:

Unha vez revisados os 3 ámbitos que propón o Concello, conclúese:

- 1. Validar os aspectos técnicos*
- 2. Informar positivamente a proposta de cambio de dous ámbitos realizada polo Concello de Baiona, afirmando que o obxecto e destino da subvención, á vista da documentación técnica, permanece invariable ao ser ambas as dúas memorias documentos que describen actuacións que darán como resultado a recuperación de espazos públicos para as persoas.*

Quinto.- Unha vez revisada toda a documentación remitida polo Concello de Baiona, compróbase que esta inclúe, de acordo coas bases da convocatoria, os seguintes documentos para cada un dos expedientes aos que afecta a solicitude formulada:

1.—Estimación do gasto de redacción do proxecto

2.—Acordo de aprobación desta solicitude de subvención por parte do órgano municipal competente no que se faga constar que coñece e acepta as bases da convocatoria e asume o compromiso de dar cumprimento ás condicións da subvención (anexo III)

3.—Certificación da ou do secretario na que conste (anexo IV):

— A titularidade municipal das vías ou terreos nos que se van proxectar as actuacións de recuperación de espazos públicos para as persoas (caso 1) ou ás que se vai anexar a vía peonil e/ou ciclable (caso 2), ou o seu dereito de uso ou cesión por tempo indefinido.

— Se o concello obtivo ou solicitou calquera outra axuda ou subvención para este fin. No caso de que existan outras axudas ou subvencións concorrentes para o investimento, achegarase o detalle de cada unha delas, e acreditarase que a suma total non supera o 100 % do importe.

— Que o concello non está incurso en causas de prohibición para a percepción de axudas públicas.

4.—Memoria explicativa de extensión non superior a 3 páxinas, en tamaño A4, que incluirá:

— Título do proxecto, resumo e obxecto deste e ámbito de actuación. Un plano ou bosquejo explicativo das liñas xerais das actuacións que se pretenden proxectar.

Neste caso poderase substituír a páxina A4 por unha páxina A3.

— Ademais:

a) Para os proxectos de recuperación do espazo (caso 1): cuantificación da superficie peonil existente na actualidade e a superficie peonil que se prevé proxectar segundo as estimacións iniciais.



Por todo o anteriormente exposto, emítense as seguintes CONCLUSIÓNS:

Primeira.- Vistos os antecedentes expostos e previo trámite da intervención, informo favorablemente o cambio de ámbito de ambos proxectos solicitados polo Concello de Baiona:

1. O proxecto con código de expediente 2023006415
 - a. Título: ADECUACIÓN Y PUESTA EN VALOR DE “RÚA DOUTOR JOSE VLAÑO VISO Y CAMIÑO O PIÑEIRO”
 - i. Custo estimado: 10.000 €
 - ii. Contía solicitada: 9.000 €
 - iii. Porcentaxe: 90,00 %
 - b. pasaría a denominarse: PROYECTO DE RECUPERACIÓN Y PUESTA EN VALOR DEL CAMINO DE SANTIAGO A SU PASO POR EL BURGO EN BAIONA
 - i. Custo estimado: 12.000 €
 - ii. Contía solicitada: 9.000 €
 - iii. Porcentaxe: 75,00 %
2. O proxecto con código de expediente 2023006418
 - a. Título: ACONDICIONAMIENTO “RÚAS PUENTE E VISO DE CALVOS”. SABARÍS
 - i. Custo estimado: 15.000 €
 - ii. Contía solicitada: 13.500 €
 - iii. Porcentaxe: 90,00 %
 - b. Pasaría a denominarse: PROYECTO DE RECUPERACIÓN Y PUESTA EN VALOR DEL “CAMINO DE SANTIAGO” EN EL ENTORNO DEL RÍO BAÍÑA EN BAIONA
 - i. Custo estimado: 15.800 €
 - ii. Contía solicitada: 13.500 €
 - iii. Porcentaxe: 85,44 %

Segunda.- Así, propónse manter as mesmas contías aportadas pola Deputación; detállanse a continuación os importes, tanto das estimacións de custos como das contías solicitadas:

1. Proxecto: RECUPERACIÓN Y PUESTA EN VALOR DEL CAMINO DE SANTIAGO A SU PASO POR EL BURGO EN BAIONA
 - a. Contía solicitada: 9.000,00 €
 - b. Estimación de custo: 12.000,00 €
 - c. Porcentaxe solicitada: 75,00 %
2. Proxecto: RECUPERACIÓN Y PUESTA EN VALOR DEL “CAMINO DE SANTIAGO” EN EL ENTORNO DEL RÍO BAÍÑA EN BAIONA
 - a. Contía solicitada: 13.500 €
 - b. Estimación de custo: 15.800,00 €
 - c. Porcentaxe solicitada: 85,44 %

As contías indicadas máis arriba serán con cargo ás aplicacións orzamentarias 24/456.9420.762.10/2023 e 24/456.9420.762.10/2022.”



Visto o informe de Intervención, de data 16 de maio de 2024 co CSV: A91759A7R963EDZL

Á vista do exposto, de conformidade co disposto no artigo 35 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local e en aplicación das bases aprobadas para a execución do orzamento, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

Primeiro.-Modificar o acordo da Xunta de Goberno núm.14.33333. do día 29 de decembro de 2023 sobre a convocatoria de subvencións para a redacción de proxectos de recuperación de espazos públicos e creación de sendas peonís e/ou ciclables nos concellos da Rede Ágora, no referente á axuda concedida ao *Concello de Baiona* CIF P3600300B de acordo co seguinte detalle

SUBVENCIÓN CONCEDIDA (EXPTE. 2023006415)			
DENOMINACIÓN ACTUACIÓN	IMPORTE ORZAMENTO	IMPORTE SUBVENCIÓN	% FINANCIAMENTO
ADECUACIÓN E POSTA EN VALOR DA RÚA DOUTOR JOSÉ VIAÑO VISO E DO CAMIÑO O PIÑEIRO	10.000,00 €	9.000,00 €	90%
PROPOSTA MODIFICACIÓN SUBVENCIÓN CONCEDIDA			
DENOMINACIÓN ACTUACIÓN	IMPORTE ORZAMENTO	IMPORTE SUBVENCIÓN	% FINANCIAMENTO
PROXECTO DE RECUPERACIÓN E POSTA EN VALOR DO CAMIÑO DE SANTIAGO Ó SEU PASO POLO BURGO	12.000,00 €	9.000,00 €	75%

SUBVENCIÓN CONCEDIDA (EXPTE. 2023006418)			
DENOMINACIÓN ACTUACIÓN	IMPORTE ORZAMENTO	IMPORTE SUBVENCIÓN	% FINANCIAMENTO
ACONDICIONAMENTO DAS RÚAS PUENTE E VISO DE CALVOS	15.000,00 €	13.500,00 €	90%
PROPOSTA MODIFICACIÓN SUBVENCIÓN CONCEDIDA			
DENOMINACIÓN ACTUACIÓN	IMPORTE ORZAMENTO	IMPORTE SUBVENCIÓN	% FINANCIAMENTO
PROXECTO DE RECUPERACIÓN E POSTA EN VALOR DO CAMIÑO DE SANTIAGO NA CONTORNA DO RÍO BAÍÑA	15.800,00 €	13.500,00 €	85,44303%



Esta modificación non supón variación algunha no importe total da subvención concedida ao Concello ao abeiro da subvención para a redacción de proxectos de recuperación de espazos públicos e creación de sendas peonís e/ou ciclables nos concellos da Rede Ágora (Expte. 2022023348).

Asemade, respéctanse os criterios establecidos nas bases reguladoras da subvención de referencia e non produce prexuízo nos dereitos de terceiros.

Segundo.- Darlle traslado do acordo ao *Concello de Baiona*, á Intervención Provincial e ao Servizo de Infraestructuras e Vías Provinciais.

29.33932- MODIFICACIÓN DO ACORDO ADOPTADO NA XUNTA DE GOBERNO DE DATA 29 DE DECEMBRO DE 2023 (Nº14.33333), EN RELACIÓN Á “CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN AO CONCELLO DE PONTEAREAS PARA A REDACCIÓN DE PROXECTOS DE RECUPERACIÓN DE ESPAZOS PÚBLICOS E CREACIÓN DE SENDAS PEONÍS E/OU CICLABLES NOS CONCELLOS DA REDE ÁGORA”. (Expte. 2023006422)

Visto o informe xurídico-proposta de resolución da xefa do Servizo de Infraestructuras e Vías provinciais, co seguinte teor literal:

Primeiro.- A Xunta de Goberno na súa sesión de data 13 de maio de 2022 acordou a aprobación das Bases Reguladoras para a convocatoria de subvencións para a redacción de proxectos de recuperación de espazos públicos e creación de sendas peonís e/ou ciclables nos concellos da Rede Ágora, que foron publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO) número 96, de data 20 de maio de 2022. Este plan elaborase para dar cumprimento ao mandato contido no artigo 36.2 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, e colaborar cos concellos na recuperación do espazo público en favor das persoas.

Segundo.- A Xunta de Goberno na súa sesión de data 29 de decembro de 2023 adxudicoulle ao Concello de Ponteareas unha subvención por un importe máximo de 50.000,00 € (o que supón o 90% respecto dunha estimación de gasto de 55.556,00 €). Esta subvención financiarase, de acordo coa base terceira da convocatoria, con cargo ás aplicacións 24/456.9420.762.10/2023 e 24/456.9420.762.10/2022.

Terceiro.- En data 15 de abril de 2024 o Concello de Ponteareas remite solicitude para modificar o ámbito do proxecto, xunto co resto de documentación administrativa e técnica requirida nas bases reguladoras da subvención.

Cuarto.- En data 17 de abril de 2024 os servizos técnicos da Deputación de Pontevedra emiten informe de validación técnica favorable dos ámbitos propostos e parámetros técnicos respecto das bases. No informe o arquitecto da área de Espazo Público e Mobilidade indica, literalmente:

Unha vez revisados os 3 ámbitos que propón o Concello, conclúese:

3. Validar os aspectos técnicos.



4. *Informar positivamente a proposta de cambio de ámbito realizada polo Concello de Pontearreas, afirmando que o obxecto e destino da subvención, á vista da documentación técnica, permanece invariable posto que a nova documentación tamén describe actuacións que darán como resultado a recuperación de espazos públicos para as persoas.*

Quinto.- Unha vez revisada toda a documentación remitida polo Concello de Pontearreas, compróbase que esta inclúe, de acordo coas bases da convocatoria, o seguinte:

1.—Estimación do gasto de redacción do proxecto.

2.—Acordo de aprobación desta solicitude de subvención por parte do órgano municipal competente no que se faga constar que coñece e acepta as bases da convocatoria e asume o compromiso de dar cumprimento ás condicións da subvención (anexo III)

3.—Certificación da ou do secretario na que conste (anexo IV):

— A titularidade municipal das vías ou terreos nos que se van proxectar as actuacións de recuperación de espazos públicos para as persoas (caso 1) ou ás que se vai anexar

a vía peonil e/ou ciclable (caso 2), ou o seu dereito de uso ou cesión por tempo indefinido.

— Se o concello obtivo ou solicitou calquera outra axuda ou subvención para este fin. No caso de que existan outras axudas ou subvencións concorrentes para o investimento, achegarase o detalle de cada unha delas, e acreditarase que a suma

total non supera o 100 % do importe.

— Que o concello non está incurso en causas de prohibición para a percepción de axudas públicas.

4.—Memoria explicativa de extensión non superior a 3 páxinas, en tamaño A4, que incluírá:

— Título do proxecto, resumo e obxecto deste e ámbito de actuación. Un plano ou bosquexo explicativo das liñas xerais das actuacións que se pretenden proxectar.

Neste caso poderase substituír a páxina A4 por unha páxina A3.

— Ademais:

a) Para os proxectos de recuperación do espazo (caso 1): cuantificación da superficie peonil existente na actualidade e a superficie peonil que se prevé proxectar segundo as estimacións iniciais.

Por todo o anteriormente exposto, emítense as seguintes CONCLUSIONES:

Primeira.- Vistos os antecedentes expostos e previo trámite da intervención, informo favorablemente o cambio de ámbito do proxecto solicitado polo Concello de Pontearreas; así, o proxecto con código de expediente 2023006422 e título RECUPERACIÓN PARA USO PEONIL E/OU CICLABLE DE VARIAS RÚAS PARA CONECTAR OS CENTROS EDUCATIVOS CO CASCO pasaría a desdobrase nos seguintes tres (3) ámbitos:

- **REXENERACIÓN E POSTA EN VALOR DA BAIXADA DE SAN GREGORIO E RÚAS ANEXAS**
 - *Custo estimado:* 17.924,05 €
 - *Contía solicitada:* 16.131,65 € (90,00 %)

- **HUMANIZACIÓN DA RÚA DOS FERREIROS**
 - *Custo estimado:* 19.300,00 €
 - *Contía solicitada:* 17.370,00 € (90,00 %)



- *ACONDICIONAMENTO DA CONTORNA DA IGREXA DE SANTA MARÍA DE XINZO, O TORREIRO E OS SEUS ACCESOS*
 - o *Custo estimado:* 18.331,50 €
 - o *Contía solicitada:* 16.498,35 € (90,00 %)

Segunda.- Proponse manter a mesma contía, por importe de total de 50.000,00 € pero dividíndoa en tres ámbitos (3 proxectos), cuxas contías, sumadas, supoñen unha subvención por idéntica cantidade. Estas subvencións serán a cargo das aplicacións orzamentarias 24/456.9420.762.10/2023 e 24/456.9420.762.10/2022.”

Visto o informe de Intervención, de data 15 de maio de 2024 co CSV: 3MRR9J5EQZOY2DCC.

Á vista do exposto, de conformidade co disposto no artigo 35 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local e en aplicación das bases aprobadas para a execución do orzamento, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

Primeiro.-Modificar o acordo da Xunta de Goberno núm.14.33333. do día 29 de decembro de 2023 sobre a convocatoria de subvencións para a redacción de proxectos de recuperación de espazos públicos e creación de sendas peonís e/ou ciclables nos concellos da Rede Ágora, no referente á axuda concedida ao Concello de Pontearas CIF P3604200J de acordo co seguinte detalle:

SUBVENCIÓN CONCEDIDA		
DENOMINACIÓN ACTUACIÓN	IMPORTE ORZAMENTO	IMPORTE SUBVENCIÓN
RECUPERACIÓN PARA USO PEONÍL E/OU CICLABLE DE VARIAS RÚAS PARA CONECTAR OS CENTROS EDUCATIVOS CO CASCO	55.556,00 €	50.000,00 €

PROPOSTA MODIFICACIÓN SUBVENCIÓN CONCEDIDA		
DENOMINACIÓN ACTUACIÓN	IMPORTE ORZAMENTO	IMPORTE SUBVENCIÓN
REXENERACIÓN E POSTA EN VALOR DA BAIXADA DE SAN GREGORIO E RÚAS ANEXAS	17.924,05 €	16.131,65 €
HUMANIZACIÓN DA RÚA DOS FERREIROS	19.300,00 €	17.370,00 €
ACONDICIONAMENTO DA CONTORNA DA IGREXA DE SANTA MARÍA DE XINZO, O TORREIRO E OS SEUS ACCESOS	18.331,50 €	16.498,35 €
TOTAL	55.555,55 €	50.000,00 €



Esta modificación non supón variación algunha no importe total da subvención concedida ao Concello ao abeiro da subvención para a redacción de proxectos de recuperación de espazos públicos e creación de sendas peonís e/ou ciclables nos concellos da Rede Ágora (Expte. 2022023348).

Asemade, respéctanse os criterios establecidos nas bases reguladoras da subvención de referencia e non produce prexuízo nos dereitos de terceiros.

Segundo.- Darlle traslado do acordo ao *Concello de Pontearreas*, á Intervención Provincial e ao Servizo de Infraestructuras e Vías Provinciais.

30.33933- COMUNICACIÓNS

Non houbo.

31.33934- FÓRA DA ORDE DO DÍA

Non houbo.

32.33935.- ROGOS E PREGUNTAS

Non se formularon.

E non habendo máis asuntos que tratar polo Sr. Presidente, sendo as dez horas e cincuenta e cinco minutos do expresado día, dáse por rematada a sesión e dela esténdese a presente acta, que asina o Ilmo. Sr. Presidente, comigo, o Secretario que dou fe.

